

# PLAN DE CONVIVENCIA CEIP FOGAR



## ÍNDICE

1. XUSTIFICACIÓN
2. PRINCIPIOS BÁSICOS DE CONVIVENCIA E FINS CARA AOS QUE SE ENCAMIÑA
3. REFERENCIAS CONTEXTUAIS
  - 3.1. Datos do centro
  - 3.2. O contorno físico
    - 3.2.1. Situación
    - 3.2.2. Espazos
    - 3.2.3. Unidades e alumnado
    - 3.2.4. Equipo docente e non Docente
  - 3.3. O contorno social
4. SITUACIÓN ACTUAL DA CONVIVENCIA
  - 4.1. Enfoque actual
  - 4.2. Respostas que da o centro ás situacións
  - 4.3. Relación coas familias e a comunidade
  - 4.4. Experiencias de convivencia realizadas no centro
5. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PLAN DE CONVIVENCIA
6. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, DAS MEDIDAS OU DOS PROGRAMAS QUE SE VAN DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA, INCLUÍNDO MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN E ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN, ENTRE OUTRAS.
  - 6.1. Actuacións Organizativas, curriculares e de coordinación
    - 6.1.1. Organización do centro e da aula
    - 6.1.2. Coordinación das actuacións docentes
    - 6.1.3. Programación e desenvolvemento do currículo
    - 6.1.4. Estratexias metodolóxicas
    - 6.1.5. Actividades complementarias e extraescolares
  - 6.2. Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa

- 6.3. Actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia
7. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR, E CIBERACOSO DE CONFORMIDADE CO ESTABLECIDO NO ARTIGO 30.2 DA LEI 4/2011, DO 30 DE XUÑO
8. CONCRECIÓN, EN CADA UNHA DAS ACTUACIÓNS, DAS MEDIDAS OU DOS PROGRAMAS, DAS PERSOAS OU DOS ÓRGANOS RESPONSABLES, DAS PERSOAS DESTINATARIAS E DOS PROCEDEMENTOS QUE SE VAN A SEGUIR PARA O SEU DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN.
  - 8.1. Actividades de acollida para o alumnado que se matricula por primeira vez no centro e para as súas familias.
  - 8.2. Actividades para a sensibilización fronte aos casos de acoso e intimidación entre iguais, dirixidas á comunidade educativa.
  - 8.3. Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.
  - 8.4. Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.
9. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO COA CONCRECIÓN DOS DEREITOS E DEBERES DOS DIFERENTES MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA E PROTOCOLO PARA DETECCIÓN E INCUMPRIMENTO DELAS
  - 9.1. Dereitos e deberes do alumnado
  - 9.2. Dereitos e deberes da familia
  - 9.3. Dereitos e deberes do profesorado
  - 9.4. Dereitos e deberes do persoal de administración e servizos
10. ESTABLECEMENTO DAS CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E DAS CORRECCIÓNS QUE CORRESPONDAN AO SEU INCUMPRIMENTO
11. NORMAS ESPECÍFICAS PARA O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO, A SÚA COMPOSICIÓN, A PERIODICIDADE DAS REUNIÓNS E O PLAN DE

ACTUACIÓN E, DE SER O CASO, DA AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA OU DA ESCOLA DE NAIS E PAIS.

12. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DO CONTORNO

13. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

14. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA

15. INCORPORACIÓN PROTOCOLOS (ABSENTISMO, TDAH, RISCO SUICIDA, IGUALDADE, PROTECCIÓN DE DATOS, IDENTIDADE DE XÉNERO, ATENCIÓN EDUCATIVA DOMICILIARIA, URXENCIAS SANITARIAS, CORRECTOR DE CONDUCTAS)

16. INFORMACIÓN DE INTERESE

17. ANEXOS

17.1. ANEXO NOF

17.2. ANEXO PROTOCOLO COMEDOR ESCOLAR

17.3. ANEXO PROTOCOLO TRANSPORTE ESCOLAR

17.4. ANEXO PROTOCOLO TALLER DE ESTUDIO.

## 1. XUSTIFICACIÓN

*“Non hai camiño para a paz,  
a paz é o camiño.”*

*Mahatma Gandi*

Non é únicamente unha frase fermosa; é e incluso debería ser un obxectivo e un marco xeral de actitude e compromiso ante a vida. Educar significa formar cidadáns para vivir democráticamente en liberdade, en respecto, en tolerancia, en cooperación e en igualdade nas súas diferenzas, e eso esixe dunha formación en convivencia, en sentido amplo, que determina un plan específico e consensuado por todos aqueles que interveñen directamente no moldeamento social e instructivo dos individuos.

Nese senso, a propia lexislación establece nos principios e fins primordiais da actividade educativa (Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, e a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación) que entre os obxectivos fundamentais está a transmisión dos valores que favorecen a liberdade persoal, a responsabilidade, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, que constitúen a base da vida en común, e a participación da comunidade educativa, así como o principio do esforzo compartido que deben realizar o alumnado, as familias, o profesorado, os centros, a administración, as institucións e a sociedade no seu conxunto como requisito necesario para asegurar unha educación de calidade con equidade.

Nesa liña o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, establece unha clarísima definición do que entendemos por convivencia. A convivencia escolar é a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na

interrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa. Ten un enfoque formativo, ao tratarse dunha aprendizaxe enmarcada en obxectivos fundamentais e transversais e, pola súa vez, é unha responsabilidade compartida por toda a comunidade educativa.

O plan de convivencia é o documento no que se articula a convivencia escolar e as liñas xerais do modelo de convivencia que se pretende implantar, os obxectivos específicos que cómpre alcanzar, as normas que a regulan e as actuacións que se deben realizar neste ámbito para a consecución dos obxectivos proxectados. En definitiva, é un proxecto de reflexión e pensamento en que se sinalan as liñas de actuación para a mellora da convivencia no centro docente, e por iso o proxecto educativo de cada centro incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O dito plan de convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas e as actuacións incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

E sen nengún xénero de dúbida, nos últimos tempos, asistimos de forma case que incrédula como unha das características máis salientables da sociedade moderna é a visualización dos problemas de convivencia, especialmente trasladados a diversos ámbitos sociais, económicos e educativos. Ao tempo, e como tamén adiantaban as disposicións legais antes citadas, e moi especialmente ao establecido na Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, transxénero e intersexuais no ámbito educativo, outro obxectivo básico e reeducar conductas que atacan os principios de liberdade e tolerancia especialmente en este ámbito. Igualmente a conflictividade medra nalgunhas ocasións para traspasar a barreira do alumnado e incorporar a outros membros da comunidade educativa como lamentables protagonistas do comportamento asocial e atentatorio contra a convivencia pacífica polo que cómpre incorporar a máis sectores no deseño dun plan amplo que teña unha visión educadora e non represora, pois entendemos que esta non pode ser a ferramenta de loita contra de aquilo que atente contra a convivencia.

Nesta dinámica entendemos pois básico, e seguindo como base o desenvolvemento regulamentario do réxime xurídico de convivencia recoñecido na lexislación básica do Estado, a necesidade da elaboración dun Plan de Convivencia como un dos elementos básicos do Proxecto Educativo do Centro, aspecto que recollen os artigos 120 e 124 da Lei orgánica 2/2006, na redacción dada pola Lei orgánica 9/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, nos que se establece a autonomía dos centros na elaboración das súas normas de convivencia e das de organización e funcionamento. O mesmo artigo 124 dispón que os centros educativos elaborarán un plan de convivencia no que se recollan todas as actividades que se programen co fin de fomentar un bo clima de convivencia dentro do centro escolar, así como a consecución dos dereitos e deberes do alumnado e das medidas correctoras aplicables en caso de incumprimento das normas de convivencia.

***Aprender a vivir xuntos, aprender a convivir cos demais, ademais de constituir unha finalidade esencial da educación, representa un dos principais retos para os sistemas educativos actuais. Son moitas as razóns que fan que esta aprendizaxe se considere non só valiosa en sí mesma, senón imprescindible para a construción dunha sociedade máis democrática, máis solidaria, máis cohesionada e máis pacífica.***

## PRINCIPIOS BÁSICOS DE CONVIVENCIA E FINS AOS QUE SE ENCAMIÑA

As normas sobre convivencia nos centros docentes establecidas na Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, así como a Declaración Universal dos Dereitos Humanos e os tratados e acordos internacionais en materia educativa ratificados por España, oriéntanse aos seguintes fins, que informarán a súa interpretación e aplicación:

- A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de forma óptima os recursos que a sociedade pon a disposición do alumnado no posto escolar.
- A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- A prevención e tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
- O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para prevenir e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- A corresponsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lle corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- A promoción da resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas.



- O avance no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.
- A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento personal e social do alumnado.

## 2. REFERENCIAS CONTEXTUAIS

### 2.1. Datos do centro.

O C.E.I.P. “FOGAR” é un dos colexios que hai na vila de Carballo, creado no ano 1970 como Escola Comarcal (polo tanto, como Escola con Internado) ten a honra de ter sido un dos pioneiros no eido educativo público galego na zona rural. Na actualidade funciona como centro de Educación Infantil e Educación Primaria estando adscrito ó I.E.S. “Alfredo Brañas”.

#### DATOS DE IDENTIFICACIÓN

**Código de Identificación Fiscal : Q-6555063-D**

**Código do Centro : 15002578**

**Enderezo: R/Vila de Ordes s/n 15100 Carballo (A Coruña)**

**Teléfono 981 700 294**

**Fax 981 758 203**

**E-Mail: [ceip.fogar.carballo@edu.xunta.es](mailto:ceip.fogar.carballo@edu.xunta.es)**

**[Paxina web: http://centros.edu.xunta.es / ceipfogar](http://centros.edu.xunta.es / ceipfogar)**

## **2.2. O contorno físico**

### **2.2.1. Situación**

Na súa ubicación, o CEIP FOGAR é un centro situado na vila de Carballo, na zona alcumada como barrio do Chorís, ao comezo da vila na estrada que une Carballo con A Coruña e moi próximo á parroquia de Santa María de Bertoa. Situado na cabeceira da bisbarra de Bergantiños, capital dunha puxante comarca, nos últimos anos está a destacar por ser un centro de atracción humana e económica o que está producindo un forte crecemento poboacional, urbano e económico e convertendo a Carballo no polo de atracción doutras vilas e ámbitos rurais máis cercanos. Igualmente posúe unha posición estratéxica entre a as capitais provincial e autonómica e como zona de tránsito para a emblemática Costa da Morte.

Como citábamos atópase situado na zona do Chorís, con entrada por R/Vila de Ordes s/n e con entrada alternativa para alumnado por Avda de Bergantiños e Rúa Vila de Laxe, e acolle alumnos/as do casco urbano e da parroquia de Bertoa. Ten como centros adscritos as escolas de Mirón e A Rega, (todas elas pertencentes ao CRA “Ponte da Pedra”). Aínda así segue a recibir e atender a alumnado procedente das escolas de Artes, Verdillo e Vilela por canto estas escolas foron ata vai ben pouco escolas adscritas ao Centro, e de feito continúan a manterse as rutas de transporte de Verdillo-Artes e de Baldaio, esto si, con carácter provisional e con anunciada supresión para o vindeiro curso escolar.

### **2.2.2. Espazos**

Se estrutura nun único edificio con certa complexidade ao estar concebido como unha Escola-Fogar polo que existe unha distribución en H, e moi diversos espazos adxuntos en tres andares.

- O primeiro andar conta cum amplo comedor (para 276 comensais), a zona de administración e sala de profesores, Biblioteca Escolar, zona de recepción de pais, conserxería, cociñas e vestiarios, wc, un aula de E. Infantil con vestíbulo de recepción do alumnado, e a antiga vivenda do conserxe (con varias dependencias ocupadas e cedidas ao ANPA “Pedras Brancas”, así como almacéns).
- O segunda andar conta don diversas aulas de primaria nun dos brazos do H e de aulas de E. infantil, Biblioteca de E. Infantil e aula de Informáticas, e dependencias varias noutro brazo do H. Unindo ambos espazos existe un distribuidor que se usa como lugar para exposicións.
- O terceiro andar conta con aulas de E. primaria, aulas de E. Infantil, arquivo, espazos varios, etc.....
  - Vivenda do conserxe.
  - Espazos didáctico-pedagóxicos e corredores.
  - Cociña e comedor.

Conta cun pátio exclusivo para uso de E. Infantil, con xogos adaptados, e separado por un portalón mecánico, pátios cobertos (onde están situados os ximnacios da zona A e B, pátios abertos con zona axardinada, pistas e frontón, e na zona superior exterior um pavillon deportivo cuberto e unha zona ampla descuberta que comparte limites coas instalacións do IES “Alfredo Brañas” e coa Piscina Municipal.

Na actualidade, polo desgaste da construción que xa conta con preto de medio século así como polo deterioro incívico, tentamos levar a cabo a cubrición dos muros con murais e imáxenes, participando tamén no proxecto municipal “Derrubando Muros” e queremos introducir tamén os slogans e a motivación das mensaxes nesta forma de decoración dos espazos.

### 2.2.3. Unidades e alumnado

Na actualidade o Centro conta con 33 unidades, 9 unidades de E. Infantil e 24 unidades de E. primaria. Conta tamén cun importante número de aulas de PT e AL, que varían cada curso escolar en función das necesidades e da concesión por parte da Administración do persoal específico, pero no actual curso escolar posúe 4 aulas de PT e 3 aulas de AL. Igualmente existen varias aulas específicas de Lingua Estranxeira, 1 Aula de E. Musical, 1 Aula de Psicomotricidade, 2 Ximnasios, 1 sala de Audiovisuais, etc...

Resulta un centro cun grande número de alumnado, algunhas aulas por riba da ratio de 25 alumnos, e cunha ratio media moi elevada.

As estadísticas de comezo de curso escolar este ano 2018-19 son as seguintes:

#### ESTADÍSTICAS DE PRINCIPIO DE CURSO

	Idade/Nivel	Nº de Unidades	Nº Alumnos
EDUC. INFANTIL	3 anos	3	65
	4 anos	3	75
	5 anos	3	74
	<b>TOTAL</b>	<b>9</b>	<b>214</b>
EDUC. PRIMARIA	1º	4	102
	2º	4	93
	3º	4	101
	4º	4	82
	5º	4	94
	6º	4	80
<b>TOTAL</b>	<b>24</b>	<b>562</b>	
<b>TOTAL EI + EP</b>	<b>33</b>	<b>776</b>	

#### Equipo docente e Non Docente

O CEIP FOGAR conta cunha plantilla moi ampla, este ano con 54 profesores, a meirande parte con destino definitivo no Centro, aínda que polas dimensións da plantilla existe moito movemento na mesma froito dos concursos de traslados. Igualmente hai que engadir persoal non docente como un conserxe, tres coidadores, persoal de cociña (1 cociñeiro e 2 auxiliares de cociña, persoal do Plan Concilia ou Madrugadores, persoal de limpeza, etc...)

#### 2.2.3.1. O contorno social

Inciden no noso centro unha serie de características que debemos ter en conta á hora de elaborar o Plan Xeral Centro. Estas son de tipo socioeconómico, cultural, etc, que dunha maneira complexa inflúen directamente sobre a comunidade escolar, no intre da súa organización, dirección e activación.

Mención especial merecen os seguintes aspectos:

- Mestura de Entorno urbano e rural, con todo o que leva aparelado xeitos de vida distintos, distintas formas de organización social e profesional, etc... Ademáis tamén os condicionantes sociais e económicos, moi diversos, determinan ambientes, estimulacións e condicionantes diversos que inflúen poderosamente na evolución académica e social.
- Transporte Escolar. Existencia de dúas liñas (diversos percorridos na parroquia de Bertoa), que descorren baixo a asistencia da Compañía de Transportes Queijeiro. Todas elas funcionan cun protocolo de servizo que se recolle en apartados posteriores desta PXA.
- Alumnos provintes de escolas unitarias con incorporación en niveis e cursos diversos ao centro, o que conleva –en determinadas ocasións, polas dimensións tan diversas do centro de orixe e do de destino- problemas de adaptación, sociabilización, etc... Isto determina a necesidade de artellar medidas de adaptación como son a xornada de portas abertas para alumnos de novo ingreso (que se leva a cabo en colaboración cos Departamentos de orientación dos centros no mes de xuño; incorporación as listas de aulas de grupos parellos de alumnos provintes das escolas unitarias; intercambio de información previa, etc...)

- A dimensión do centro, na actualidade con 34 unidades e 779 alumnos/as, supón en si mesmo unha enorme dificultade e un grande atranco en cuestións tan elementais e básicas para un centro educativo como son a organización, coordinación, uso común de espazos, planificación conxunta, atención individualizada, etc...
- Esta masificación tamén incide na realización de actividades, e sobor de todo, na atención individualizada de alumnos/as e moi especialmente daqueles que presentan dificultades de aprendizaxe, adaptación e integración. Neste contexto temos que salientar que os procesos de escolarización do concello nos últimos anos deron como resultado a ampliación de alumnado e aulas ata o punto de implicar o máis grande problema co que se enfrenta o centro.
- Comedor Escolar con 276 comensais e baixo a característica de xestión directa.
- Salientable número de alumnos provintes dos movementos migratorios que conforman unha realidade social intensa no mundo occidental e que demandan unha resposta no eido educativo, e que nalgúns casos presentan graves carencias sociais ou problemas de adaptación que a escola debe afrontar e responder. Xunto a iso engádese nos últimos anos, froito da inquedanza económica e política, unha grande mobilidade das familias o que determina tamén unha intensa corrente de entrada e saída de alumnos que inflúe de forma decisiva no proceso educativo.

En calquera caso, o Colexio tamén ven directamente influido e determinado polo feito da súa ubicación nunha vila emerxente e vital como é a de Carballo, cabeceira dunha bisbarra sobranceira –a de Bergantiños- que xurde como un grande polo de atracción humana económica. Igualmente queremos salientar que as liñas educativas deseñadas desde os colexios do concello nos últimos anos, teñen determinado un plan xeral de actuación que inflúe moi positivamente no desenvolvemento educativo global. Esta liña conxunta de planificación e actuación dos centros educativos (Artai, San Luis Romero, Bergantiños, A Cristina, Razo, Gandara, CRA Ponte da Pedra, Canosa-Rus, Xosé Pichel, CRA Novo Mencer, Agualada e o noso centro) supón un chanzo fundamental na aposta por novas tarefas conxuntas máis dinámicas, máis suxerentes e máis atractivas que sen dúbida amosan resultados moi positivos no eido educativo. Nese senso queremos facer

constar que a dinámica dos últimos anos, e a aposta decidida do centro pola colaboración conxunta no eido educativo, determina unha planificación activa de todos os colexios do concello que se traduce nunha actividade xeral e semellante. Nesa liña, desde vai xa algúns anos, unha vez ao mes, as direccións de todos os centros de primaria nos xuntamos nun centro para establecer canles conxuntos de actuación, actividades semellantes, intercambio de información e colaboración. Esta xuntanza lévase a cabo os segundos martes de cada mes.

E naturalmente non podemos deixar de salientar o valiosísimo papel que xoga o ANPA no apoio conxunto e como pía esencial do proceso de modernización do labor dos colexios. Queremos insistir na importancia que esperamos recoller nesta PXA de continuar coa mesma liña de colaboración, respecto, axuda, comprensión e apoio que docentes e ANPA amosaron nos cursos anteriores e que serviu para afianzar proxectos tan ambiciosos como o desenvolvemento da Xornada Única, o fomento de actividades conxuntas de integración, o espallamento da Páxina WEB, a riquísima oferta de actividades extraescolares, a formación continua a pais, a oferta de actividades tamén para pais, a ampliación do número de unidades do colexio, as obras de mellora das instalacións, a creación da Biblioteca de E. Infantil, a planificación conxunta da viaxe de fin de escolaridade dos alumnos de 6º nivel, as apostas por novos proxectos educativos, a creación das aulas de idiomas, as seccións bilingües, etc...

Pero sobor de todo, o respecto, o diálogo e o cariño e a comprensión como elementos fundamentais da relación habitual entre os membros e sectores da comunidade educativa. Ese obxectivo e ese compromiso, conquerido o ano anterior, deberá seguir sendo unha norma esencial do labor diario, pois dese éxito aparecerán máis doadamente os éxitos na mellora do Centro, do proxecto educativo e fundamentalmente dos nosos rapaces e rapazas, os verdadeiros protagonistas.

En todo caso, queremos tamén salientar que ademáis das xuntanzas que establece a lexislación para intercambiar información cos distintos sectores (pais, persoal non

docente, membros do consello escolar, profesores, xunta económica, observatorio da convivencia, etc...), o colexio –ao traveso da Xefatura de Estudos- manterá información puntual coa presidencia do ANPA, do mesmo xeito que a Dirección terá xuntanzas habituais coa Inspección, Administración Local e diversas Asociacións e membros da Comunidade Educativa.

### 3. SITUACIÓN ACTUAL DA CONVIVENCIA

#### 4.1. Enfoque actual

O enfoque da convivencia no centro ten unha visión construtiva e positiva, polo que as actuacións van encamiñadas ao desenvolvemento de comportamentos axeitados para convivir mellor e resolver conflitos a través da participación, dos diversos canles de comunicación e da prevención de problemas de conduta.

Ao tratarse dun centro de Infantil e Primaria a convivencia se desenvolve dun xeito máis que aceptable. Na actualidade o clima de convivencia no centro é gratamente positivo. Non se observan serios problemas aparecendo algúns conflitos esporádicos, xeralmente por desadaptacións, que se resolven fundamentalmente co diálogo e con algunha medida disciplinaria de carácter menor (quedarse sen recreo, amonestación verbal, comunicación aos pais, etc).

Pero si debemos facer constar que as excesivas dimensións do centro, con preto de 800 alumnas/os e preto de 600 familias, determina que os problemas de conflictividade xurdan, independentemente da gravidade dos mesmos. Igualmente hai motivos de conflito entre o persoal, tamén en función das dimensións da plantilla, e igualmente se determina que poidan xurdir diferenzas con outros ámbitos, servizos e persoas que directa ou indirectamente manteñen relación co centro por mor do uso de instalacións e desenvolvemento de servizos (Plan Concilia, Concellería de Benestar, Centro Asistenciais da Milagrosa, servizos sociais, actividades extraescolares, etc...)



E certo que nos últimos anos parecemos asistir a un deterioro pequeno pero continuo da convivencia escolar de tal xeito que en cada curso escolar aumentan os conflitos especialmente vencellados aos pais máis que ao alumnado. Este enfrontamento, que podemos tamén xustificar nunha análise de urxencia coa crise socioeconómica vivida nos últimos anos, tradúcese nun apurado xerme de conflictividade que vai enfriando as relacións normais de convivencia, que vai xerando conflictividade latente e que repercute, sen nengún xénero de dúbida, no devir do modelo educativo que posuímos.


A resposta educativa do centro está relacionada co desexo de promover unha maior participación no colexio: mellorar as canles de diálogo, respecto e comunicación para solucionar calquera conflito e a necesidade de potenciar a mellora da convivencia a través da adquisición de habilidades de enfrontamento ante os conflitos.

Na enquisa realizada pola Consellería en todos os centros educativos de Galicia durante o 1º trimestre do curso 2015-16 e cuos resultados se poden consultar na páxina da Consellería observamos os seguintes apuntamentos básicos:

- a) Sobre a opinión de se a convivencia tiña mellorado nos últimos anos había unha opinión maioritariamente favorable.

2.1.- Respostas xerais.

	% de resposta
1 - Empeorou de xeito alarmante	7.7
2 - Empeorou lixeiramente	0
3 - Mellorou lixeiramente	7.7
4 - Mellorou moitísimo	46.2
5 - Sen resposta	38.5




..

b)Os alumnos escollen como xeito prioritario para resolver o conflito a opinión e mediación do profesor (acaso porque en primaria aínda segue a ser moi salientable a figura do adulto como modelo de referencia):

4.- Sobre a forma de resolver os conflitos de convivencia no centro ou na aula.


	% de resposta
1 - Abrindo un parte	6.8
2 - Chamando ás familias.	13.5
3 - Escoitando a opinión de todos para cambiar as normas do centro	11.5
4 - Falando co/a profesor/a en privado.	39.2
5 - Falando entre todos	48
6 - Impoñendo sancións (castigos).	22.3
7 - Mandando a falar co director/a ou xefe/a de estudos	21.6
8 - Os profesores e as profesoras dannos consellos.	35.1
9 - Quitándolle importancia e deixándoo pasar	6.1
10 - Seguindo os consellos do/a orientador/a, do profesorado e do equipo directivo (director/a, xefe/a de estudos...)	23



c)Os espazos máis conflictivos son aqueles onde a tutela do adulto non está tan presente e os “danos colaterais” das novas tecnoloxías:

6.- Sobre os espazos onde hai problemas de convivencia.

	Nunca	Poucas veces	Bastantes veces	Moitas veces	Sen resposta
1 - A través de internet, xa sexa no móbil ou no ordenador	78.4	0	2	10.1	9.5
2 - Ao entrar ou saír da clase	58.1	2	4.7	25.7	9.5
3 - Ao entrar ou saír do recinto do centro	60.1	4.1	5.4	20.9	9.5
4 - Durante as clases	50.7	2.7	7.4	33.1	6.1
5 - No comedor escolar	44.6	5.4	4.7	25	20.3
6 - No recreo	22.3	13.5	23.6	34.5	6.1
7 - No transporte escolar	50.7	2	4.1	17.6	25.7
8 - Nos arredores do centro	54.1	6.1	9.5	20.9	9.5
9 - Nos aseos	66.2	2	2.7	21.6	7.4
10 - Nos corredores	56.8	1.4	3.4	29.1	9.5
11 - Nos intercambios de clase	60.8	0	3.4	25.7	10.1




d) Sobre o acoso e a sensación de ter sido vítima de situacións que podían entrar nese perfil, aportannos un dato pequeno pero que convida á reflexión:

7.- Sobre a condición de presunta vítima.

7.1.- Padeciches algunha conduta negativa, acoso, agresión ou falta de respecto?

	% de resposta total	% de resposta rapaces	% de resposta rapazas
Si	6.8	9.2	4.7
Non	89.9	86.8	92.2
Sen resposta	3.4	3.9	3.1




e) Esa percepción encaixa perfectamente cando se lles pregunta pola condición persoal de agresor:

8.- Sobre a condición de presunto/a agresor/a.

8.1.- Cometiches algunha conduta negativa como faltas de respecto, agresión, acoso, etc.?

	% de resposta total	% de resposta rapaces	% de resposta rapazas
Si	4.1	6.6	1.6
Non	91.2	86.8	95.3
Sen resposta	4.7	6.6	3.1




f) Na actualidade, a consideración dos país respecto ao centro e os problema de convivencia é a seguinte:

Informe sobre a recollida de datos para as familias

Centro: 15002578 - CEIP Fogar. Curso 2015/2016

4.- Consideras que existen actualmente, no centro ao que asiste o seu fillo ou a súa filla, problemas de convivencia.


	% de resposta total	% de resposta por parte dos pais	% de resposta por parte das nais
Sí	11.9	10	12.2
Non	42.4	30	44.9
De xeito puntual	37.3	60	32.7
Sen resposta	8.5	0	10.2




G) Pero un dos datos máis chamativos é a diferenza percepción que temos como pais/nais dos nosos fillas/os respecto á condición de vítima e agresor:

8.- Sobre a condición de presunta vítima ou agresor/a.

	% de resposta
1 - O meu fillo foi autor/coautor dalgunha agresión	0
2 - O meu fillo/a non foi nin vítima nin autor/coautor	76.3
3 - O meu fillo/a padeceu a condición de vítima	15.3
4 - Sen resposta	8.5



En troques, cando consideramos aos nosos fillas/os como agresores:



Centro: 15002578 - CEIP Fogar. Curso 2018/19

10.- Agresións que cometeu o seu fillo/a (% con respecto a cuestión 8, resposta: 1 - O meu fillo/a foi autor/coautor dalgunha agresión).

	% de resposta
1 - Agresións físicas	0
2 - Agresións verbais	0
3 - Ameazar ou insultar	0
4 - Ameazar ou insultar utilizando tecnoloxías da información e a comunicación TIC	0
5 - Chegar tarde á clase	0
6 - Consumo de drogas (alcohol, tabaco)	0
7 - Desobedecer e non respectar o profesor	0
8 - Dicar mentiras ou rumores sobre alguén	0
9 - Dicar mentiras ou rumores sobre alguén utilizando as TIC	0
10 - Entrar e saír da clase sen permiso	0
11 - Interromper, molestar e non deixarlle dar a clase ao profesor	0
12 - Mostrar situacións de abandono en hábitos de hixiene	0
13 - Negarse a facer as tarefas asignadas	0
14 - Non cumprir as normas de convivencia no centro	0
15 - Non ter en conta a algún compañeiro e excluílo dun grupo de amigos	0
16 - Obrigar a facer cousas que outro non quere	0
17 - Observar actos vandálicos con danos no centro	0
18 - Poñer alcumes ou ridiculizar a alguén utilizando as TIC	0
19 - Poñer alcumes ou rirse doutra persoa	0
20 - Producirse absentismo escolar	0
21 - Producirse situacións de acoso ou ciberacoso entre o alumnado do centro	0
22 - Provocar, ridiculizar ou insultar os profesores	0
23 - Roubar diñeiro ou material	0


Ningunha familia considera que o seu fillo/a cometera nengunha agresión pero si que afirma unha porcentaxe que está preto do 20% que a súa filla/o foi vítima de agresión. Loxicamente, en calquera análise sinxela, hai un grave contradición que tamén indica unha serie reflexión.

h) Por último, cómpre destacar que preto do 80% está moi satisfeito co centro o que indica que o traballo neste senso estase a realizar tamén axeitadamente aínda que existen cousas que mellorar:

Centro: 15002578 - CEIP Fogar. Curso 2015/2016

14.- Estou satisfeito co centro ao que asiste o meu fillo/a.

	% de resposta total	% de resposta por parte dos pais	% de resposta por parte das nais
Si	78	70	79.6
Non	13.6	30	10.2
Sen resposta	8.5	0	10.2



#### **4.2. Relación coas familias e a comunidade**

A relación coas familias é boa en liñas xerais, aínda que si detectamos ese deterioro nalgúns casos que se está a producir. Mantémos reunións periódicas de información e coordinación de carácter global e particular nas horas prefixadas na Programación Xeral Anual. Así mesmo se establece unha canle de cooperación coa ANPA que nos últimos anos traducíuse nen proxectos conxuntos e nunha xuntanza mensual

É moi importante a actuación dos titores na coordinación coas familias de cara a fomentar unha maior colaboración do sector de pais e nais.

As situacións particulares que afectan á convivencia e resolución de conflitos adoita ser comentada coa familia se procede algún tipo de información e/ou intervención ante unha determinada conduta.

#### **4.3. Experiencias de convivencia realizadas no centro.**

As experiencias que se desenvolveron nos derradeiros cursos no centro para favorecer a convivencia podémolas resumir nos seguintes puntos:

- Debate e discusión sobre a normativa do centro referente á convivencia interna. A mesma ten lugar ao comezo do curso tanto no seo do Claustro como do Consello Escolar.
- Circular con exposición e resumo do NOF de tal xeito que todos os membros da Comunidade Educativa coñezamos as normas básicas de funcionamento do Centro.
- Envío a todo o profesorado, via mail, a finais de agosto ou primeiros de setembro, das normas xerais e das normas básicas NOF.
- Elaboración de Power Point común para tratar en Titoría xeral de inicio de curso.
- Elaboración de normas de conduta na aula. Realízase polos/as titores/as ao comezo do curso.
- Fomentar a tolerancia, o respecto e a resolución de conflitos a través do diálogo.

- Participación do centro en actividades e programas que contribúen a mellorar a convivencia no colexio (Día da Paz, festividades de participación colectiva, etc).
- Introducir nas programacións de aula novas celebracións (Día contra a violencia de xénero, Día contra a Homofobia, Día da Diversidade, ) como forma de visualizar e concienciar novas realidades.
- Participación desde vai varios anos no Programa Xeral da Agrupación Vieiro na formación conxunta en valores con alumnos de 5º e 6º de EP.
- Participación en xornadas de integración, especialmente con alumnos de NEAE.
- Estreita relación cos servizos sociais do Concello para controlar o absentismo e dar a coñecer as situacións desfavorecidas das familias.
- Participación en PFPP con gran parte do Claustro a fin de trasladar inquietudes formativas á realidade laboral.
- Participación do centro en programas e plans como poden ser os de “Normalización Lingüística”, “Apoio Escolar”, “Plan Director”, “Plan Proa”...
- Escolas de pais, que se desenvolven os luns en horario de mañá nas instalacións do Centro.
- Plans específicos de formación
- Novas canles de difusión da información para que poida chegar a todas as familias do xeito máis doado (Páxina web, formato papel, Abalar Móbil)

#### 4. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

- Conseguir a integración de todo o alumnado sin discriminación por razóns de raza, sexo, idade...
- Fomentar a implicación das familias.
- Mellorar as relacións entre todos os membros da comunidade educativa.
- Prever os conflitos.
- Procurar a autoestima profesional do docente.
- Aproveitar as diversas situacións que se producen ao longo do curso escolar para que o centro sexa un un espazo de paz, respecto, diálogo e aberto ao entorno.

## **5. DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓN, DAS MEDIDAS OU DOS PROGRAMAS QUE SE VAN DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA, INCLUÍNDO MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN E ACTUACIÓN ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN, ENTRE OUTRAS.**

As normas básicas de convivencia do centro parten dos valores que a comunidade educativa, no marco da legalidade vixente, considera fundamentais para a educación e para a convivencia no Proxecto Educativo.

Estas normas básicas de convivencia, recollidas nas Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia convértense, deste xeito, nun instrumento para a consecución dos principios educativos do centro xa que:

- Permiten crear oportunidades para respectar a diversidade e as diferenzas.
- Contribúen a desenvolver a autonomía moral, a participación democrática e a educación cidadá.
- Constitúen o marco de participación na vida do centro.

### **6.1 Actuacións organizativas, curriculares e de coordinación**

A acción titorial constitúe o marco indispensable e necesario para establecer unhas boas bases para a convivencia no grupo e por extensión á vida do colectivo total do alumnado. A capacidade do/a titor/a para canalizar e resolver os problemas relacionais, así como para crear un clima afectivo e integrador na aula no que teñan cabida todos e cada un dos/as alumnos/as do grupo, representa o factor máis influínte na configuración das relacións persoais e é o elemento clave sobre o que pivota o resto das actuacións con outros sectores da comunidade escolar.

A organización da aula, as estratexias de comunicación que se establecen con cada profesor/a, os vínculos relacionais, o axuste curricular e as adaptacións curriculares, as normas de aula e as rutinas que o titor/a utiliza no desempeño das súas tarefas son os elementos dun fenómeno interactivo que vai determinar substancialmente o proceso da convivencia no centro.

Medidas de mellora no grupo-clase:



Aínda que estas medidas enmárcanse esencialmente na Acción Titorial, é convinte que constitúan un referente metodolóxico unificado e xeneralizado para todo o profesorado co fin de evitar mensaxes incoherentes ou contraditorios que fosen prexudiciais para a consecución dos obxectivos fixados:

- Fomentar a aprendizaxe cooperativa.
- Reparto equilibrado de responsabilidades e tarefas entre o alumnado.
- Favorecer a autoestima cando se detecten situacións de infravaloración.
- Crear un clima de confianza aceptando as suxestións dos/as nenos/as.
- Rexeitar as actividades grupais discriminatorias, fomentando o compañeirismo.
- Establecer normas claras de funcionamento no centro cunha formulación positiva.
- Fomentar a participación en tarefas e responsabilidades do centro.
- Creación da figura do/a alumno/a axudante para os/as nenos/as novos/as no centro.
- Poder establecer a figura dun alumno/a mediador/a dentro da aula que colabore co titor/a na resolución de incidencias ou conflitos.

### 6.1.1 Organización do centro e da aula

#### Educación Infantil

- Asamblea de aula onde se fomenta a comunicación e resolución de conflitos e situacións persoais.
- A mediación espontánea e inmediata, no patio, na clase, etc., como forma de superar pequenos problemas.
- O rincón da resolución de conflitos “escoita/fala”, onde os/as nenos/as intentarán solucionar o problema.
- Fomento da intelixencia emocional mediante actividades deseñadas con tal finalidade.
- Programas de valores: Ao longo do curso desenvolveranse actividades e obradoiros de “Educación para a Paz”, “Educación vial, saúde e alimentación”.
- Técnicas de relaxación infantil: Películas temáticas e representacións teatrais.
- Asesoramento ás familias tanto en titorías como en reunións da Escola de Pais.

## Educación Primaria

- A acción tutorial: Unha boa acción tutorial seguindo a liña do noso Centro é o cauce natural e o instrumento máis profundo de axuda e mellora da convivencia.
- A asamblea de clase, segundo niveis, para resolver situacións de grupo ou conflitos.
- As normas de clase e a súa elaboración en grupo ao principio de curso como forma de implicación do/a alumno/a.
- A potenciación da mediación espontánea entre iguais.
- O obradoiro de valores e os programas institucionalizados de prevención, de non violencia, contra o sexismo, educación vial, etc.
- O traballo das habilidades sociais no que daremos prioridade á dinámica de grupo e ás relacións entre compañeiros e profesores.
- O traballo cooperativo e en equipo das distintas celebracións.
- Nas últimas etapas a participación nos Programas de Vieiro e de Educación Cooperativa.

### 6.1.2 Coordinación das actuacións docentes

- Coordinación das actividades do centro en materia de convivencia a través da Comisión de Convivencia.
- Incorporación da convivencia como punto do orde do día nas reunións de niveis, e salientar alí se se detectan problemas para trasladarlos á Comisión como primeira fonte de información.
- Dar exemplo co seu comportamento do procedemento a seguir na convivencia e na actitude ante a vida en xeral.

- Elaborar propostas de actuacións concretas para titorías, obradoiros, apoios, actividades complementarias e extraescolares... conformes ás medidas preventivas suxeridas no plan.
- Elaboración de protocolos (plan de acollida, actuacións ante conflitos, absentismo...).
- Organización das medidas preventivas e de resolución de conflitos.
- Detección de necesidades e posta en marcha de actividades de formación.
- Coidar o clima de traballo entre o profesorado.
- Abogar por unha resolución de conflitos máis educadora que punitiva.

### **6.1.3 Programación e desenvolvemento do currículo**

- A adecuación dos procesos de ensino-aprendizaxe ás características do alumnado, a organización flexible, o aprendizaxe en colaboración e os apoios e reforzos educativos, entre outras medidas, poden contribuír ao logro dun clima escolar adecuado para o desenvolvemento da labor educativa.
- O centro plantexará obxectivos e actividades de carácter preventivo no marco do desenvolvemento do currículo e da acción titorial que se levará a cabo no centro, de tal xeito que se implique á totalidade do profesorado, do alumnado, do persoal de administración e servizos, do persoal non docente e das familias.
- O equipo directivo, o profesorado, a Anpa e as familias potenciarán actuacións de colaboración familia-escola coa finalidade de que os procesos de ensino e aprendizaxe que se levan a cabo no centro escolar, respondan ás finalidades educativas que lle son propias.
- Os programas de apoio e reforzo educativo, de aprendizaxe básico, de acompañamento escolar, de atención á diversidade, de acollida e integración de alumnado, de prevención de absentismo escolar e, en xeral, os de compensación educativa, favorecerán que a totalidade do alumnado siga o seu proceso educativo e, polo tanto, se logre un clima escolar que contribúa ao seu éxito escolar.

#### 6.1.4 Estratexias metodolóxicas

- Homoxenización dos grupos e equilibrio e criterios claros na organización dos grupos de clase. Eses criterios deberán ser examinados pola Comisión e posteriormente aprobados en Claustro como forma organizativa básica de agrupamentos. Xa existe un protocolo que está aberto a novas reformas e melloría en función das avalaicións que fagamos das diversas agrupacións no remate do curso e as conclusións que se deriven da Memoria Anual.
- Programar actividades de aprendizaxe por grupos de traballo cooperativo.
- Emprego do diálogo e posta en común no aula, en pequeno e gran grupo, con acción tutorial dirixida, como recurso facilitador do desenvolvemento de valores prosociais, da resolución pacífica de conflitos, e de aprendizaxe para a participación democrática en sociedade.
- Dar voz ao alumnado (a maior participación, maior compromiso).
- Traballar os conflitos a través da mediación:
  - Aprender a analizar os conflitos e valorar o rol que desempeña cada persoa.
  - Aprender a intervir fronte a situacións negativas e condutas incorrectas desde a aceptación de todas as persoas.
  - Aprender a actuar a tempo (prevención).
  - Aprender a manifestar as propias opinións (asertividade).
  - Aprender a escoitar as opinión dos demais (escoita activa).
  - Aprender a elixir a resposta máis axeitada en cada situación (estilos de xestión de conflitos).
  - Aprender a reunir a información precisa para atopar unha saída ao conflito (identificación de intereses).
  - Aprender a enfocar os problemas acercando posicións e sumando esforzos (cooperación).
  - Aprender a atopar múltiples solución aos problemas (creatividade).
  - Aprender a compartir responsabilidades promovendo a implicación individual e colectiva (participación activa).
  - Aprender a convivir coas propias limitacións (criterios de realidade).

- Aprender a intervir en conflitos moi enquistados (reparación e reconciliación).
- Aprender a ilusionar ás persoas do centro no cultivo dun clima de convivencia pacífico (cultura da paz).

#### **6.1.5 Actividades complementarias e extraescolares**

- As actividades complementarias e extraescolares son un factor enriquecedor na formación dos nosos/as alumnos/as en canto á convivencia xa que contribúen a:
  - Ampliar a súa formación.
  - Formar diferentes facetas da súa personalidade.
  - Facilitar as relación entre todos os membros da comunidade educativa.
  - Desenvolver e potenciar os valores de solidariedade e colaboración sociais.
  - Favorecer o respecto e a tolerancia ante a diversidade de culturas.
  - Promover o sentido da responsabilidade e a colaboración.
- Planificar as actividades complementarias e extraescolares tendo en conta que son espazos educativos.
- Participación de alumnado e profesorado no Programa de Froita Escolar
- Participación no Plan de Mellora da calidade Educativa, Modalidade Programas Contrto, como forma de establecer unha igualdade de oportunidades.
- Participación colectiva na elaboración de actividades de promoción e exposición públicas (Teatro Lido, Tíralle da Lingua, etc...)
- Elaboración das normas de comportamento en cada actividade complementaria e/ou extraescolar.
- Participación en actividades colectivas sinaladas: Día da Paz, Entroido, Festa de outono, Nadal, Festa de fin de curso...

#### **6.2 Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa.**

O proceso formativo susténtase nunha estreita colaboración entre escola e familia sen a cal resulta difícil e en ocasións inútil o esforzo educativo.

Consideramos que as seguintes son propostas necesarias de cooperación a ter en conta polas familias:

- Dar modelos positivos e intentar resolver os conflitos sen aceptar a violencia.
- Exercicio da autoridade que lles corresponde no proceso de educación e formación dos seus fillos/as.
- Cooperación co centro en casos de indisciplina, agresividade, etc.
- Colaboración co centro no proceso de ensino aprendizaxe e de integración escolar.
- Non desautorizar ao profesorado diante dos fillos/as.
- Fomentar nos seus fillos/as a construción de valores como o esforzo persoal, a constancia, a autonomía, o respecto cara aos demais...
- Coidar o crecemento emocional, ensinándolles a poñerse no lugar do outro e a controlarse emocionalmente.
- Impedir que os fillos/as accedan a contidos da TV, videoxogos ou Internet inadecuados á súa idade, ofrecéndolles alternativas.
- Evitar a sobreprotección dos seus fillos/as.
- Revalorizar o centro escolar como un espazo de ensino e de formación.
- Cuidar o vocabulario e o comportamento como exemplo de formalidade que o nena/o debe e quera reproducir.

### **6.3 Actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia incluíndo a difusión de normas e accións de sensibilización e protocolos de detección temperá**

- O departamento de orientación elaborará e desenvolverá un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais por parte do alumnado como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro.
- Elaborarase e desenvolverase un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais específicas para aquel alumnado que, como

consecuencia da imposición das medidas correctoras, estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro. Este programa aplicarase coordinadamente entre o departamento de orientación e o profesorado titor.

- Programas que supoñan a incorporación de aspectos relacionados co autoconcepto e a autoestima, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, o traballo cooperativo, a educación afectivo-sexual e a igualdade entre homes e mulleres.
- Circular informativa ao inicio de cada curso. A dirección do centro remitirá ás familias unha circular informativa lembrando as principais normas de organización e funcionamento do centro.
- Reunións informativas titores-familias. Información ás familias ao principio de cada curso sobre o Plan de convivencia e as Normas de Organización e Funcionamento do centro.
- Titorías. Debate e discusión ao principio de curso sobre o Plan de convivencia e as Normas de Organización e Funcionamento co/as alumnos/as.

## 6. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR, DE CONFORMIDADE CO ESTABLECIDO NO ARTIGO 30. 2 DA LEI 4/2011, DO 30 DE XUÑO

As dinámicas de funcionamento, tanto do grupo amplo que forma o alumnado do centro coma do grupo limitado á aula, poden favorecer relacións negativas como o acoso. Outros conflitos escolares non son acoso: meterse un co outro de xeito amigable e sen intención de facer dano ou as discusións e incluso as pelexas entre alumnado a un mesmo nivel, situados, polo tanto, nun equilibrio de forzas.

É importante, xa que logo, diferenciar o acoso escolar doutras situacións disruptivas puntuais, que presentan a miúdo unha abordaxe diferente, aínda que requiren tamén dunha resposta efectiva.

Considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

As medidas que deben adoptarse en caso de detección dunha situación de acoso escolar así como as propostas de actuacións de sensibilización contra o acoso escolar, dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e a preparar para detectalo e reaccionar e intervir fronte a este figuran no Protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.

Protocolo de acoso, enlace a páxina web da Consellería:

<http://www.edu.xunta.es/portal/Educonvives.gal>

O fenómeno denominado acoso escolar, maltrato entre iguais ou bullying atopámolo presente en toda a historia, pero nos últimos anos adquire interese social debido ao aumento e gravidade dos feitos e ao contorno onde se produce o educativo.



A existencia dos conflitos esixe de todos, e particularmente do sistema educativo, unha aprendizaxe para o seu entendemento, a súa xestión e a súa resolución, dentro dun marco de convivencia e cultura da paz.

Así, na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, abórdase por primeira vez no plano lexislativo o tratamento de situacións de acoso cos criterios xeralmente admitidos pola comunidade pedagóxica e inclúe a problemática derivada do mal ou inadecuado uso das novas tecnoloxías e, ademais, recóllense os principios de protección integral das vítimas e de primacía do interese e protección destas no tratamento do acoso escolar.

Finalmente, e xa no seu artigo 30, dispónse que cada centro docente incluírá un protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar no seu Plan de Convivencia.

Coa finalidade de prevenir, detectar e tratar o posible acoso escolar ao longo do curso realizaremos como mínimo unha campaña de sensibilización do profesorado, das nais e pais ou dos/as titores/as do alumnado contra o acoso escolar, coa finalidade de axudar a evitalo e preparen a todos os membros da comunidade educativa para detectalo e reaccionar fronte ao mesmo.

#### **PAUTAS PARA A IDENTIFICACIÓN DO ACOSO ESCOLAR**

Para os efectos desta Lei considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

#### **CRITERIOS DE IDENTIFICACIÓN DE ACOSO ESCOLAR**

Para poder considerar un comportamento como acoso escolar, deben cumprirse tres criterios diagnósticos que deben darse simultaneamente, prescindindo da personalidade da posible vítima.

Os criterios son:

- A existencia de intención de facer dano.

Debe existir unha vítima concreta, indefensa e unha persoa agresora que lle fai dano conscientemente.

- A repetición das condutas agresivas.

A agresión crea na vítima a expectativa de poder ser branco de ataques novamente.

Existencia dunha acción agresiva repetida, durante un período de tempo e de forma recorrente. Os comportamentos de abuso preséntanse reiteradamente no tempo.

É un tipo de violencia difícil de identificar. Isto é debido a que o acoso case sempre permanece oculto para as persoas adultas, pero o alumnado sí ten coñecemento dos sucesos.

- A duración no tempo, co establecemento dun esquema de abuso de poder desequilibrado entre a vítima e a persoa agresora ou persoas agresoras.

Presenza de desigualdade de poder (desequilibrio de forzas) entre a persoa máis forte e a persoa máis débil. É unha situación desigual de indefensión para a vítima. Hai un desequilibrio e un abuso de poder que impide que a persoa acosada poida saír por si mesma da situación.

## **TIPOS DE ACOSO ESCOLAR**

Para poder identificar unha situación de acoso, é necesario coñecer tanto as súas formas coma as súas consecuencias.

Respecto das formas de acoso, temos que ter presentes manifestacións de maltrato tanto

verbal –a través de insultos, alcumes, desprestixio...– coma físico contra a persoa vítima ou os seus obxectos persoais. Tamén hai que ter en conta posibles situacións de intimidación, tales como ameazas, chantaxes, roubos... e, por último, situacións de illamento.

Podemos considerar os seguintes tipos e manifestacións de acoso:

<b>Esclusión e marxinación social activa</b>	→	Non deixar participar
<b>Esclusión e marxinación social pasiva</b>	→	Ignorar
<b>Agresión verbal directa</b>	→	Insultar, poñer alcumes ofensivos
<b>Agresión verbal indirecta</b>	→	Falar mal de alguén ás súas costas
<b>Agresión física directa</b>	→	Pegar
		Agachar cousas
<b>Agresión física indirecta</b>	→	Romper cousas
		Roubar cousas
<b>Maltrato mixto</b>	→	Ameazas, chantaxe
<b>Acoso sexual físico</b>	→	Actos
<b>Acoso sexual verbal</b>	→	Comentarios

Algunhas destas manifestacións de acoso poden exercerse a través das novas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC): teléfono, móbil, redes sociais... (ciberacoso).

Os momentos e os lugares, e mesmo os medios, nos que pode producirse o acoso son múltiples: durante o recreo e nos patios; na fila; nos baños, nos corredores...; na aula, cando a profesora ou o profesor mira o encerado para dar unha explicación ou mentres se atende a algunha alumna ou alumno; nos cambios de clase; no comedor; no transporte escolar; nas entradas o saídas do centro; no exterior do centro; a través do móbil (mensaxes, chamadas anónimas...); por internet, a través das redes sociais, chat ou correo electrónico, outros.

### CONSECUENCIAS DO ACOSO ESCOLAR

A posibilidade da existencia de acoso escolar moitas veces manifestase no cambio de

conduta da persoa que o está a sufrir, polo tanto haberá que estar alerta, tanto no centro educativo como na familia. Amósanse a continuación unha serie de posibles indicadores que, entre outros, poden poñer de manifesto a existencia desta situación:

INDICADORES ANTE UN POSIBLE CASO DE ACOSO ESCOLAR DETECCIÓN POR PARTE DA FAMILIA E/OU DO CENTRO EDUCATIVO	
RELACIÓNS SOCIAIS	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cambios nos tempos de chegada e saída do centro</li> <li>Cambios nas súas relación persoais</li> <li>Busca de soidade dentro e fóra do centro</li> <li>Abandono de actividades que antes lle interesaban</li> <li>Descoido no aspecto físico</li> <li>Comentario negativos da clase e o centro.</li> <li>Preferencia por quedar na casa</li> </ul>
ESTADO DE ÁNIMO	<ul style="list-style-type: none"> <li>Ansiedade</li> <li>Preocupación</li> <li>Desconfianza</li> <li>Desinterese</li> <li>Nerviosismo repentino</li> <li>Dificultade nas comunicación</li> <li>Cambios nas rutinas</li> <li>Actuacións agresivas</li> </ul>
OUTRAS ACTITUDES E COMPORTAMENTOS	<ul style="list-style-type: none"> <li>Disminución da autoestima</li> <li>Baixa no rendemento escolar</li> <li>Nerviosismo xeral</li> <li>Rompe traballos e ou pertenzas</li> <li>Non participa en actividades voluntarias</li> </ul>

Respecto da vítima, son múltiples os síntomas que pode sufrir, pero fundamentalmente concrétanse nunha perda de confianza e autoestima, fobia ao centro, ansiedade e depresión e incluso problemas físicos como consecuencia da somatización. Para a identificación destes síntomas resulta fundamental a colaboración das familias.

As consecuencias que poden reflectirse nunha situación de acoso ou maltrato entre iguais poden ser:

- Para a vítima: pode traducirse en fracaso escolar, trauma psicolóxico, risco físico, insatisfacción, ansiedade, infelicidade, problemas de personalidade, risco para o seu desenvolvemento equilibrado.
- Para a persoa ou persoas agresoras: pode ser a antesala dunha futura conduta delituosa, unha interpretación da obtención de poder baseada na agresión, que pode perpetuarse na vida adulta, e incluso unha supervaloración do feito violento como socialmente aceptable e recompensado.
- Para os compañeiros/as observadores/as pode conducir a unha actitude pasiva e complacente ante unha inxustiza e unha modelación equivocada da valía persoal.

Para erradica as situacións de acoso escolar debemos:

- Intervir ao primeiro sinal.
- A amizade e a integración como prevención: o traballo propio da aula debe permitir que todo o alumnado teña un grupo de amigos. Isto permitirá, ao mesmo tempo, mellorar a calidade de vida nas escolas e aprender habilidades sociais.
- Existen tres papeis que hai que previr, intervindo con toda a comunidade educativa: o de persoa agresora, o de vítima e o de persoa espectadora pasiva que coñece a violencia pero non fai nada para evitala.

## **PROTOCOLO DE ACTUACIÓN**

A persoa responsable da dirección do centro ou, de ser o caso, calquera outro membro do equipo directivo por delegación expresa daquel, dirixirá todas as actuacións que se deriven do desenvolvemento do presente protocolo.

O protocolo de actuación ten por obxecto que o profesorado dun centro educativo saiba como actuar nos posibles casos de acoso, pois é imprescindible que se actúe de xeito inmediato e decidido tanto co alumnado implicado (vítima, agresor ou agresores e espectadores) coma coas súas familias.

Para favorecer o repartimento de responsabilidades e a coordinación na acción, propónse adoptar diferentes fases: fase primeira, coñecemento, identificación e comunicación da situación; fase segunda, recollida de información e rexistro; fase terceira, análise da información e adopción de medidas; fase cuarta, seguimento e avaliación das medidas adoptadas e rexistro. Propóñense, ademais, unha serie de documentos de apoio en anexos para lles facilitar aos centros educativos as distintas intervencións no desenvolvemento do protocolo. Recordar que toda a información que figure en todos os documentos empregados e que se recolla nas diferentes fases do protocolo terá carácter confidencial.

**Primeira fase: Coñecemento da situación, identificación e comunicación.**

- Comunicación sobre unha posible situación de acoso escolar (**anexo I**).
  - Medidas urxentes de protección á presunta vítima.
  - Asignación dunha persoa responsable de atención e apoio á presunta vítima.
  - Vixilancia específica das persoas indicadas.
  - Medidas cautelares que impidan o contacto entre a presunta vítima e as persoas causantes da posible situación de acoso.
  - Comunicación e solicitude de colaboración ás familias do alumnado implicado.
  - Designación dunha persoa responsable da atención e apoio á presunta vítima (**anexo II**).
  - Primeira comunicación ás familias do alumnado implicado (**anexos III e IV**).
  - Nomeamento dunha persoa responsable da tramitación (**anexo V**).

En todas as súas actuacións, esta persoa deberá ter en consideración que, en caso de incoarse un expediente disciplinario, o prazo máximo para a súa resolución será de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos, tal como recolle o artigo 25.7 da Lei 4/2011.

- Comunicación a outros profesionais educativos e outros axentes externos (**anexo VI**).

Se se considera necesario e oportuno, e sempre en función da valoración inicial, a persoa responsable da dirección do centro poderá requirir a colaboración de calquera membro da comunidade educativa e doutras instancias externas ao centro (sociais, sanitarias, xudiciais...).

**Segunda fase: Recollida de información. Rexistro. (anexo VII).**

Trátase dunha fase na que o principal obxectivo é o de recadar os datos necesarios para dilucidar se os feitos denunciados constitúen ou non unha situación de acoso escolar.

No caso de incoarse expediente disciplinario, toda a información recollida nesta fase formará parte deste expediente, polo que haberá que tomar en consideración os prazos establecidos no artigo 25 da Lei 4/2011.

Os procedementos empregados nesta fase deberán axustarse á idade e madurez dos entrevistados e garantir a confidencialidade da información facilitada, e recollerán cando menos:

- Datos identificativos do centro e alumnado afectado.
- Persoa que recolle a demanda.
- Persoa que comunica a situación.
- Recollida inicial de datos sobre o tipo e gravidade do acoso denunciado.
- Lugares onde se produce o acoso.
- Feitos observados.
  - Entrevista individual á vítima **(anexo VIII)**.
  - Entrevista individual á persoa/as responsables do acoso **(anexo IX)**.
  - Entrevista individual ás persoas observadoras/espectadoras. Citación dos demais alumnos ou alumnas implicados/as a unha entrevista **(anexo X)**.
  - Entrevista individual ás familias. Citación para entrevistar ás familias da persoa acosada e da persoa ou persoas acosadora/s e **(anexo XI e XII)**.
  - Solicitude de asesoramento e/ou apoio técnico do departamento de

orientación do centro (**anexo XIII**).

- Solicitud de asesoramento a outros profesionais educativos e/ou organismos ou axentes externos, especialmente no caso de ciberacoso (**anexo XIV**).

Cando se considere oportuno, a persoa responsable da tramitación, poderá solicitar asesoramento a outros profesionais educativos como son os Equipos de Orientación Específicos e a Inspección Educativa, en calquera momento do proceso.

Ademais, a complexidade das situacións de ciberacoso pode derivar na necesidade de consulta e asesoramento a organismos ou axentes externos ao centro como:

- Axencia Española de Protección de Datos.
- Policía Local e/ou Policía Autonómica.
- Unidades de delitos telemáticos da Garda Civil e da Policía Nacional.
- Outros.

#### **Terceira fase: Análise da información e adopción de medidas.**

- Análise da información (**anexo XV**).

Cando se confirme a situación de acoso escolar, debemos distinguir entre as medidas que se adopten, aquelas tendentes á protección da vítima, as medidas correctoras da persoa ou persoas agresora/s e as referidas á comunicación da situación aos organismos correspondentes.

As actuacións que constitúan acoso escolar considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e non poderán ser corrixidas sen a previa instrucción dun expediente disciplinario. Unha vez iniciada a tramitación deste expediente, a persoa titular da dirección do centro notificarallo:

- Ao alumnado implicado e ás súas familias, no caso de ser menores de idade.
- Ao servizo de Inspección Educativa correspondente.



- Ao profesorado titor do alumnado implicado.
- Adopción de medidas (**anexo XVI**).

Con independencia de que proceda ou non a instrución dun expediente disciplinario, unha vez analizada a información, a persoa responsable da tramitación elaborará unha proposta de medidas que haberá que poñer en marcha no centro, nas aulas afectadas e co alumnado implicado e as súas familias.

As medidas que teñan que impoñerse deberán ter un carácter educativo, tendente á reflexión e toma de conciencia dos feitos, ao cambio de actitude e á reparación do dano causado, de ser o caso; ademais terán que garantir o respecto dos dereitos do alumnado e procurar a mellora das relacións de todos os membros da comunidade educativa.

Medidas de protección á vítima:

- Vixilancia específica das persoas implicadas (acosada e acosadora/s).
- Solicitude de colaboración familiar para o control e seguimento dos seus fillos ou das súas fillas.
- Asignación dunha “persoa responsable de apoio e atención á vítima” á que a vítima poida acudir cando o necesite.
- Reorganización do horario de profesorado para unha mellor atención do alumno afectado.
- Concertar encontros periódicos para facer un seguimento da situación.
- Tutoría individualizada (da persoa ou persoas acosadora/s e da vítima) e grupal da súa clase, proporcionando pautas de autoprotección, técnicas de relaxación e control do estrés, adestramento en habilidades sociais, mellora do autoconcepto e da autoestima...
- Actividades para desenvolver nas titorías do centro enfocadas á mellora das habilidades sociais: capacidade para facer amigos, integrarse en actividades de grupo, ser asertivos, expresar as propias opinións...
- Organización de grupos de axuda entre iguais, formados previamente para

acompañar a vítima, sobre todo nos intres e lugares de maior risco (entradas, saídas, corredores...).

- De ser necesario, cambio de grupo temporal ou definitivo da persoa ou persoas acosadora/s, logo do oportuno expediente disciplinario.
- Apertura de expediente disciplinario á persoa ou persoas agresora/s (no caso de que se confirme o acoso).
- Derivar aos servizos de profesionais especializados externos ás persoas implicadas, se procede, para abordar tratamentos específicos que poidan reforzar o labor efectuado no centro.
- Comunicación ao Ministerio Fiscal se o feito poidese ser constitutivo de delito ou falta penal.

Medidas reeducadoras para as persoas agresoras.

- Elaboración por parte do departamento de orientación de cada centro docente dun programa de habilidades sociais.
- Desenvolvemento de procedementos conciliados para a resolución de conflitos. A opción pola conciliación suspende o inicio do procedemento disciplinario de corrección da conduta, que se retomará no caso de que a conciliación sexa infrutuosa.
- Formación de equipos de mediadores.
- Formación específica sobre as consecuencias da conduta: pedirlle perdón á vítima, participar en programas de mediación, traballos escritos de reflexión e concienciación sobre os feitos, as súas consecuencias e o xeito de compensar os danos.
- Desenvolvemento da capacidade de empatía, poñernos no lugar do outro. Os agresores poden coñecer as emocións que sente a vítima, amosan empatía cognitiva; pero non son capaces de compadecerse, non amosan empatía emocional (sentir cos demais).
- Programas de modificación de conduta, axuda personalizada, desenvolvemento persoal, comportamentos prosociais, estratexias de resolución de conflitos con solucións alternativas á agresión...

- Solicitude de colaboración familiar para a vixilancia e control dos seus fillos e fillas.
- Derivación a servizos especializados externos para abordar tratamentos específicos, se procede.

Medidas correctoras para as persoas agresoras.

Unha vez confirmada a situación de acoso, requirirase da tramitación do oportuno expediente disciplinario conforme o regulado no artigo 25 da Lei 4/2011, e serán de aplicación, de ser o caso, as medidas correctoras correspondentes establecidas na devandita norma e na normativa que a desenvolva.

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas de acordo coas medidas reguladas no artigo 21 da Lei 4/2011 e a normativa que a desenvolva, do seguinte xeito:

- Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- Cambio de grupo.
- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- Cambio de centro.

Outras medidas ([anexo XVI](#)).

Co grupo clase e co alumnado espectador/observador.

- Campañas de sensibilización, mediación e apoio entre compañeiros e compañeiras, programas de habilidades sociais, de comunicación e empatía...
- Actividades que posibiliten o rexeitamento e a denuncia explícita de condutas violentas na convivencia entre iguais: analizar a diferenza entre a conduta solidaria de denunciar a inxustiza e o ser acusón.
- Desenvolver estratexias de axuda entre iguais e traballos cooperativos.
- Analizar as consecuencias dos comportamentos.
- Realizar actividades de adestramento para actuar ante diferentes situacións de maltrato.

#### Coas familias

- Contribuír ao crecemento persoal dos seus fillos ou fillas a través do diálogo e da educación en valores, desenvolvendo unhas axeitadas normas de convivencia no contorno familiar.
- Desenvolver a súa potencialidade como educadores das súas fillas ou fillos.
- Recoñecer o seu papel como axentes educativos, xunto co profesorado, actuando como portadores de aspectos significativos para o desenvolvemento integral dos seus fillos ou fillas.
- Mellorar as condicións afectivas, sociais e escolares que lles faciliten a aprendizaxe ás súas fillas e aos seus fillos e un desenvolvemento harmónico da súa personalidade.
- Ensinanza de habilidades sociais, aprendizaxe cooperativa, ocio de calidade, resolución de conflitos sen violencia, eficacia da disciplina e ensinanza de límites, prevención do sexismo, evitar a influencia negativa do uso inadecuado da televisión e doutras tecnoloxías...
- Fortalecer a implicación da familia na vida escolar e a responsabilidade na toma de decisións educativas conxuntas sobre os seus fillos e as súas fillas (establecer compromisos).

#### Co equipo docente

- Formación para saber como detectar e intervir na aula ante situacións de acoso escolar.
- Formación específica do profesorado, elaboración de materiais e documentos, protocolos de actuación axustados ao propio centro.
- Acordar e unificar criterios de actuación. Creación dun código común de formas de actuar por parte dos docentes ante problemas de convivencia que incidirá na coherencia para abordar un conflito.
- Apoiar e facilitar o labor do profesorado titor.
- Colaborar coa dirección do centro na xestión dos problemas de convivencia e apoiar e facilitar o labor da persoa responsable da tramitación do protocolo e da persoa responsable de apoio e atención á vítima, no desenvolvemento das funcións para as que foron nomeadas.
- Promover a implicación do alumnado na xestión de determinados conflitos (alumnos axudantes ou mediadores).

**Cuarta fase: Seguimento e avaliación das medidas adoptadas. Rexistro. (anexo XVI).**

Unha vez adoptadas as medidas previstas, é necesario continuar levando a cabo, a través do director ou directora do centro, ou da persoa na que delegue, un seguimento da situación, coa intencionalidade de que non se volva producir e de observar os cambios reais no comportamento individual do alumnado protagonista da situación de acoso, no grupo onde tivo lugar (clima de aula e de centro), tempo no que se mantén o efecto das intervencións.

Este seguimento levarase a cabo coa intención de comprobar o cumprimento e a pertinencia das medidas adoptadas, tanto das de carácter urxente, no momento de coñecemento da situación, coma das restantes establecidas no desenvolvemento do protocolo.

A dirección debe responsabilizarse de que se leven a cabo as medidas previstas e informará á Inspección Educativa do seu grao de cumprimento, segundo a

temporalización prevista.

### **ESTRATEGIAS DE PREVENCIÓN**

Estas estratexias de prevención incluíranse no Plan de convivencia do centro, así como nas súas normas de organización e funcionamento (NOF), dentro do marco do Proxecto Educativo, para favorecer a convivencia no centro.

As prevención debe formularse desde distintos niveis:

- Prevención inespecífica, asumida de xeito amplo pola comunidade educativa no marco xeral da convivencia no centro.
- De atención específica, intervindo directamente co alumnado e coas familias implicadas en situacións de acoso escolar.
- De asesoramento e apoio técnico especializado para tratamentos máis específicos.

Todas as medidas preventivas deben:

- Fomentar o desenvolvemento social do alumnado e o avance da institución escolar no seu conxunto.
- Incluírse nos documentos internos do centro que correspondan.
- Levarse a cabo de xeito coordinado polos equipos docentes, co liderado do equipo directivo e o apoio do departamento de orientación.
- Transmitirse a todos os sectores da comunidade educativa.

### **Estratexias organizativas e de prevención no centro.**

Entre as posibles estratexias organizativas e de prevención que contribúen á mellora do clima xeral do centro, podemos considerar:

- Promover a participación na elaboración e revisión dos documentos do centro, destacando os valores e normas que pretenden desenvolver actitudes prosociais de igualdade, respecto e diálogo, fomentando o consenso na toma de decisións.

- Potenciar o funcionamento da Comisión da Convivencia do centro.
- Estilo de dirección que favoreza a participación e a comunicación dos problemas (liderazgo).
- Solicitar o apoio e asesoramento do orientador para potenciar o funcionamento da Comisión da Convivencia do centro.
- Reunións periódicas dos titores por niveis co obxecto de deseñar accións conxuntas para a mellora da convivencia do centro. Adoptar estratexias organizativas que posibiliten a implicación de todo o profesorado nas labores titoriais.
- Impulso e actuación de comisións de mediación e outras estratexias de tratamento e resolución de conflitos.
- Posibilidade de crear comisións de investigación sobre problemáticas relacionadas con situacións de violencia escolar, compostas por alumnado e profesorado.
- Difusión á comunidade educativa, a través de diferentes medios, do plan de convivencia e das NOF.
- Garantir que todos os membros da comunidade educativa coñezan os seus dereitos e deberes.
- Organización de grupos de traballo que favorezan as relacións persoais.
- Organización do centro respectuosa coa diversidade e aceptación desta como un valor positivo, fomentando a inclusión.
- Impulsar nas concrecións curriculares para os distintos cursos o desenvolvemento de todas as competencias básicas, en especial a competencia social e cidadá.
- Rexistro dos conflitos que se producen no centro co fin de ter unha visión global e introducir as modificacións necesarias na regulación da convivencia do centro.
- Creación das condicións favorables para a inserción de programas de mellora da convivencia: programas específicos de resolución de conflitos, programas de mediación en conflitos e axuda entre iguais...
- Elaboración de orientacións e establecemento de programas de formación para todos os membros da comunidade educativa sobre a prevención e resolución de conflitos:
  - Formación específica do profesorado, elaboración de materiais

- documentos, protocolos de actuación axustados ao propio centro...
- Formación de familias: pautas para previr o acoso e outras formas de violencia dende a familia. Impulsar a creación de escolas de pais e nais.
  - Elaboración de orientacións e establecemento de programas formativos dirixidos aos diferentes membros da comunidade educativa, coa intención de previr e actuar ante situacións de ciberacoso:
    - Formación do profesorado e de familias: sensibilización sobre o uso saudable e razoable das TIC, aprender a lles transmitir aos menores a confianza suficiente para que poidan recorrer a eles en caso necesario, aprender a apoiar ao menor en caso de confirmarse o ciberacoso e, en caso de ameazas graves, presentar a correspondente denuncia no organismo competente.
    - Formación ao alumnado: potenciar o uso positivo das TIC e o espírito crítico ante os contidos aos que acceden, ser coidadoso cos datos persoais, onde aparecen e a quen se proporcionan; non responder a provocacións a través dos medios tecnolóxicos; cando unha ameaza é persistente, hai que gardar o que se poida a xeito de proba do sucedido, pechar a conexión e pedir axuda a unha persoa adulta.

#### **Estratexias de prevención na aula.**

- Inclusión no plan de acción titorial da elaboración de normas de convivencia en cada clase, incluíndo de xeito explícito normas contra o acoso entre os compañeiros ou compañeiras, nas que se sensibilice sobre o dano que produce o maltrato e se faga explícito o rexeitamento a todos os tipos de violencia, así como propostas de recuperación en caso de incumprimento das normas.
- Realizar actividades de titoría programadas no grupo referidas a:
  - Relacións no grupo.
  - Fomento da amizade.
  - Tarefas colaborativas.
  - Sensibilización fronte ao maltrato (respecto pola diferenza, promover a



- empatía emocional, rachar con mitos como o do chivato, aprender a ofrecer e pedir axuda, diferenciar entre amigos/as e compañeiros/as...).
- Conciencia da importancia do coidado das relacións afectivas e emocionais dos adolescentes.
  - Análise das relacións interpersoais, dos sentimentos e dos conflitos.
  - Traballar no grupo habilidades sociais asertivas e de autoconhecimento que capaciten ao alumnado para dar respostas axeitadas en diferentes contextos:
    - Educar para as relacións interpersoais igualitarias baseadas na valoración mutua e no respecto.
    - Exercitar técnicas de autocontrol, empatía e resistencia á frustración.
    - Desenvolver a través de métodos cooperativos habilidades prosociais e destrezas para a xestión das emocións.
    - Formar comisións de alumnos/as para a mellora da convivencia en xeral: equipos de mediación, axudantes de recreo...
    - Utilizar sesións de titoría e xuntas de avaliación para detectar posibles situacións de acoso e/ou ciberacoso, analizando tamén os casos de absentismo escolar.

Resumindo, o realmente apropiado sería establecer na dinámica de convivencia do centro estratexias preventivas que evitasen chegar a situacións de acoso escolar.

Unha estratexia válida sería a posta en marcha dun tempo e dun lugar para levar a cabo esta dinámica de convivencia entre o profesorado. Este tempo estaría asociado a momentos de formación no propio centro e un espazo para tratar de entender e atallar os problemas de disciplina, conflitos, malas relacións, abusos entre iguais... un espazo onde a propia Comisión de Convivencia do centro poida deseñar este tipo de estratexias.

## **O CIBERACOSO**

A presenza de internet no mundo escolar, relacionada co aumento do uso das novas tecnoloxías da comunicación, é imparable, o mesmo que noutros moitos campos. As vantaxes destes medios son evidentes, pero tamén poden presentar inconvenientes e, no

caso que nos ocupa, certos riscos.

A complexidade deste fenómeno deu lugar a gran cantidade de definicións. Neste protocolo optouse pola consideración do termo ciberacoso, entendido como aquelas situacións de acoso escolar nas que se empregan como medio as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).

No artigo 28 da Lei 4/2011 propónse unha extensión da definición do acoso escolar, indicando que terán a mesma consideración as condutas de acoso realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

Tamén no punto 2 do artigo 12 da citada lei se recolle que:

Así mesmo, poderán corrixirse disciplinariamente as condutas do alumnado que, aínda que realizadas fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e lles afecten aos seus compañeiros ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúen acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28.

As posibles condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas mediante o uso de medios electrónicos telemáticos ou tecnolóxicos que teñan conexión coa actividade escolar considéranse incluídas no ámbito de aplicación desta lei e demais normativa que a desenvolva.

Ademais, na mesma Lei 4/2011, no seu artigo 15, establécense entre as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia a gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

Tecnoloxías como internet e a telefonía móbil resultan ser ferramentas de grande

importancia para a formación, a socialización, o ocio e o desenvolvemento de nenos e nenas e de adolescentes, pero, de igual xeito, a súa enorme potencialidade ao servizo de persoas con intención de facer dano pode supoñer a aparición de situacións nas que os menores ou as menores se ven lesionados ou lesionadas polas accións doutras persoas.

Para combater este fenómeno, os docentes deben conseguir que as novas tecnoloxías sexan sempre unha fonte de experiencias positivas para o alumnado, deben coñecer a tipoloxía dos perigos que leva consigo a rede, a sintomatoloxía que lles axudará a detectar os problemas, as boas prácticas que axudan a previr estas situacións e a maneira de buscar solucións.

### **Definición de ciberacoso**

O ciberacoso ou cyberbullying é o uso das redes sociais, correo electrónico, blogs e outros ámbitos das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) en prexuízo dunha ou máis persoas, ou da súa imaxe pública.

Normalmente distínguense tres tipos de perigos aos que están expostas as persoas con internet: perigos persoais, acceso a contidos inapropiados e adicción. O ciberacoso entra no primeiro tipo.

### **Criterios de identificación do ciberacoso**

O ciberacoso caracterízase polos seguintes aspectos:

- A situación perdura no tempo. Quedan excluídas as accións puntuais que, aínda que puidesen ser un delito, non constitúen ciberacoso.
- Adoita existir contacto ou relación previa no mundo físico entre vítima e persoa ou persoas acosadora/s.
- Existe intención de causar dano, aínda que non sempre se dá nos primeiros estadios do proceso.
- Realízase mediante o emprego de medios TIC. Pode tratarse de internet ou calquera dos servizos asociados; teléfono móbil, redes sociais, plataformas de

difusión de contidos, foros, blogs...

### **Tipos de ciberacoso**

O ciberacoso pode concretarse en:

- Fustigamento: cando se envían imaxes ou vídeos denigrantes sobre unha persoa, virus informáticos, mensaxes ameazantes...
- Exclusión: cando se usan contornos públicos para mandar comentarios despectivos ou rumores difamatorios co fin de provocar unha resposta expansiva, cando se lle nega o acceso a foros ou plataformas sociais á vítima...
- Manipulación: cando se utiliza información para difundila de xeito inapropiado entre os membros das redes sociais, cando se accede coa clave doutra persoa e se realizan accións que poden prexudicala no seu nome...

Unha vez que se verificou unha posible situación de ciberacoso, o centro educativo deberá traballar de xeito inmediato e simultáneo en tres liñas de actuación: valoración, comunicación e accións de protección.

### **Protocolo de actuación**

Ante situacións de ciberacoso será de aplicación o establecido no protocolo de acoso escolar que se desenvolve neste documento, para o que se terán en consideración as seguintes particularidades:

- É imprescindible conservar as probas do ciberacoso durante todo o tempo, sexa cal fose a forma na que se manifeste. Para esta conservación poderán capturarse pantallas en modo imaxe e vídeo, imprimir páxinas, copiar ficheiros... aspecto que deberá realizarse antes de iniciar calquera actuación coa posible persoa agresora ou persoas agresoras.
- Tratar de identificar as posibles persoas autoras do ciberacoso (atopar o seu enderezo IP, acudir a especialistas en informática e ás forzas e corpos da seguridade do Estado), pero, en todo caso, sen lesionar os dereitos de ningunha persoa.

- Contactar coa compañía do medio empregado para cometer o acoso (compañía de teléfono, propietario do dominio ou sitio web etc.), coa finalidade de coñecer o procedemento que cómpre seguir para obter a información necesaria.
- Se é o caso, denunciar o acoso ás forzas e corpos de seguridade do Estado que dispoñen de unidades de delitos informáticos (Policía Nacional, Garda Civil e Policía Autonómica).
- Todas estas accións deberán estar enmarcadas na máis absoluta discreción e confidencialidade.
- Para valorar este tipo de condutas tomaranse en consideración os seguintes aspectos:
  - Características e natureza das accións analizadas e dos dispositivos tecnolóxicos utilizados na comisión dos feitos.
  - Natureza e difusión das accións.
  - Facilidade/dificultade para deter o ciberacoso.
  - Tempo de exposición da vítima ao ciberacoso.
  - Idade e características psicolóxicas da vítima e da persoa ou persoas presunta/s agresora/s.
  - Repercusión e impacto na vítima.
- A información recollida deberá detallar, ademais:
  - Relación co ámbito escolar.
  - Natureza, intensidade, difusión e gravidade da situación coñecida.
  - Efectos producidos.

### **Estratexias preventivas**

Os profesionais do ensino deben estar atentos á maneira en como utilizan eles mesmos e como utiliza o alumnado os medios informáticos e ter claro como actuar en cada situación, como guiar o alumnado e como aconsellar as familias, de aí que se deban potenciar as boas prácticas nestes tres ámbitos de actuación:

#### Profesorado e centro

- Coñecer o funcionamento da web, en especial das redes sociais, para dominar o

medio e poder aconsellar ao alumnado e ás familias.

- Aplicar medidas de seguridade nos equipos informáticos escolares (controlar o software instalado, as contas de usuario, o almacenamento de documentos, quen utiliza os equipos en cada hora, etc.).
- Establecer normas de uso dos equipos na aula (definir que pode e que non pode facer o alumnado, como debe organizar o seu material, respectar o material doutro alumnado, onde pode ou non pode acceder, etc.).
- Empregar sistemas de control e filtrado (facen revisións periódicas, monitorizar os equipos do alumnado mentres traballan –co seu coñecemento–, filtrar e bloquear páxinas, contidos ou programas non desexados, etc.).
- Realizar un uso didáctico e controlado das redes en sentido positivo, como actividade, incluíndo as boas prácticas, a seguridade e a prevención como contidos.
- Detección de problemas: documentarse sobre a sintomatoloxía dos problemas e estar atento a calquera indicio de ciberacoso ou malas prácticas.
- Evidentemente, en aulas que son utilizadas por varios grupos de alumnado, debe haber unha boa coordinación entre o profesorado en canto a normas e medidas.

#### Alumnado

Aconsellar que controlen a súa identificación e a circulación dos seus datos persoais (alias, ingreso en grupos etc.). Resulta o máis importante como prevención. En concreto, algunhas recomendacións habituais son:

- Non crear contas en foros e redes sociais cos datos persoais, senón utilizando alias. Comunicar a propia identidade de forma privada só a aqueles outros membros cos que hai confianza e interesa que nos identifiquen.
- Non establecer citas ou outras actividades presenciais con persoas que non coñecesen antes persoalmente, isto é, fóra da rede.
- Non comunicar o domicilio, datos de contacto, datos bancarios, etc., tampouco datos persoais de terceiras persoas.
- Sondar periodicamente a rede mediante un buscador, para saber se os seus datos

persoais ou imaxes figuran nalgunha web.

Consellos para non acosar: aproveitar o papel dos docentes para conciencialos de que a web non é o lugar apropiado para resolver diferenzas con outras persoas, e que a emisión de mensaxes hostís remata sendo prexudicial para todos. Promover o respecto e a prudencia.

Consellos para non ser acosado: ser prudente e respectuoso ao empregar a web para comunicarse cos demais. Moitas veces os conflitos comezan por malentendidos ou comentarios inoportunos. Non expoñerse excesivamente aos comentarios dos demais contando cousas persoais. Pedir axuda inmediatamente a familiares e profesorado ante as primeiras evidencias de acoso.

Consellos para non tolerar o acoso: mentalizarse de que o acoso é un problema de todos, e non admitir que outros teñan actitudes negativas ou exerzan presión sobre terceiras persoas. Mostrarse conciliador e denunciar sen demora calquera caso de acoso do que se teña coñecemento.

#### Pais e familiares

- Adecuar as medidas de seguridade e control á vulnerabilidade das súas fillas o dos seus fillos, dándolles máis autonomía a cambio de responsabilidade segundo se fagan máis maduras ou maduros.
- Aceptar internet como un instrumento que pode resultar beneficioso se se utiliza ben. Non botarlle a culpa de todos os males ante calquera desacordo cos seus fillos ou coas súas fillas.
- Tratar de non exercer de policías, senón de conseguir que os seus fillos ou as súas fillas acepten como natural certo grao de control. O mellor é que acorden conxuntamente unha serie de condicións para o uso da web (horario, tipo de contidos), tanto mediante os ordenadores coma os móbiles.
- Se fose posible, promover que o alumnado non manexe o ordenador pechado no seu cuarto, senón en presenza de outros familiares. Evitar forzalo a que nos permita ver a pantalla, é moito máis efectivo ter confianza para preguntarlle con

quen se comunica e que nos conte de forma natural que é o que fai na rede. O ideal é darlle apoio, implicarse nos seus proxectos, ou mesmo facerse membro das mesmas redes sociais.

- Estar atentos a calquera síntoma de desacougo, cambios de humor repentinos, etc., sobre todo se coinciden cos accesos á web.
- Sondar periodicamente a rede mediante un buscador para detectar imaxes, datos persoais ou comunicacións dos seus fillos ou das súas fillas.

## RESPONSABILIDADE DO CENTRO: ASPECTOS XURÍDICOS

### Responsabilidades do centro

A responsabilidade patrimonial das administracións públicas ven establecida, co máximo rango normativo, polo artigo 106.2 da Constitución Española, recollendo que:

*“Os particulares, nos termos establecidos nesta lei terán dereito a ser indemnizados por toda lesión que sufran nos seus bens e dereitos, agás nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos”.*

A regulación legal desta responsabilidade recóllese na actualidade na Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, desenvolvida no Real decreto 429/1993, do 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial e pola Lei 4/1999 que modifica a Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No artigo 139 da citada LRX-PAC dispónse, nas alíneas 1 e 2, o seguinte:

- Os particulares terán dereito a ser indemnizados polas administracións públicas correspondentes de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, agás nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- En todo caso, o dano alegado haberá de ser efectivo, avaliable economicamente e



individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas.

Dacordo co establecido no artigo 1903 do Código Civil:

- As persoas ou entidades que sexan titulares dun centro docente de ensino non superior responderán polos danos e prexuízos que lles causen aos seus alumnos menores de idade durante os períodos de tempo no que estes se atopen baixo control ou vixilancia do profesorado do centro, desenvolvendo actividades escolares ou extraescolares e complementarias. A responsabilidade de que trata este artigo cesará cando as persoas nel mencionadas proben que empregaron toda a dilixencia dun bo pai de familia para previr o dano.

Polo tanto, podería darse o caso de que os representantes legais do alumno ou alumna acosado/a lles esixise a responsabilidade civil aos titulares do centro polos danos morais sufridos polo alumno ou alumna menor de idade. Non obstante, a dita posibilidade non é ilimitada, senón que cabe eximirse dela naqueles casos en que se acredite que se actuou coa dilixencia necesaria para evitar o dano. Nestes casos, é ao centro ao que lle corresponde a carga da proba, é dicir, é preciso acreditar que se realizaron todas as actuacións necesarias para evitar a situación.

Cando se detecta un posible caso de acoso escolar, o centro debe responder de xeito rápido e coherente ante a agresión. É esencial, polo tanto, unha actuación rápida unha vez que se detecten os primeiros signos de acoso, así como a adopción de medidas eficaces para deter o dano á vítima, amosar que procura a seguridade integral do seu alumnado e exercer a súa autoridade institucional, ao servizo do respecto e a dignidade da comunidade educativa.

É necesario documentar todas as medidas e acordos adoptados, de xeito que, en caso de iniciarse un procedemento por responsabilidade civil, poida acreditarse que se actuou coa dilixencia debida. É preciso redactar as actas das reunións efectuadas, das entrevistas realizadas e recoller a sinatura dos entrevistados, en caso de menores de idade en

presenza dun adulto do centro, cando se trate das primeiras dilixencias, e dos seus proxenitores cando se trate da tramitación dun expediente disciplinario.

Igualmente, para acreditar o comportamento responsable do centro, resulta preciso a existencia e aplicación dun plan de convivencia que estableza un procedemento de prevención e detección de acoso, de xeito que sexa posible acreditar non só a aplicación de mecanismos rápidos e eficaces paliativos de situacións de acoso, senón tamén da realización de accións preventivas.

Calquera membro da comunidade que teña constancia da existencia dun caso de maltrato debe comunicalo. Existe unha responsabilidade do centro e do profesorado de xeito individual, en canto garante da seguridade integral dos menores que acolle.

Á marxe da responsabilidade civil, o centro considerará o establecido no artigo 30.4 da Lei 4/2011 no que se sinala que:

- As situacións de acoso escolar que se detecten serán comunicadas á Inspección Educativa, xunto coas medidas que se adopten para lles poñer fin. No caso de condutas de especial gravidade, informarase da situación e das medidas aos servizos sociais do correspondente concello, aos servizos especializados do departamento correspondente en materia de benestar e, de ser o caso, á Fiscalía de Menores para facilitar as medidas que lles corresponda adoptar nos seus respectivos ámbitos competenciais.

Así mesmo, o artigo 262 da Lei de axuízamento civil prevé que:

- Os que por razón dos seus cargos, profesións ou oficios tivesen noticia dalgún delito público, estarán obrigados a denunciálo inmediatamente ao Ministerio Fiscal, tribunal competente, xuíz de instrución e, no seu defecto, ao funcionario de policía máis próximo.

Igualmente, o artigo 13 da Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, prevé que:

- Toda persoa ou autoridade, e especialmente aquelas que pola súa profesión ou función detecte unha situación de risco ou posible desamparo dun menor, comunicarlle á autoridade ou aos seus axentes máis próximos, sen prexuízo de prestarlle o auxilio que precise.

Os centros docentes garantirán a confidencialidade dos datos persoais de conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, así como calquera outra información que puidese afectar á imaxe, dignidade e intimidade persoal de calquera membro da comunidade educativa e da propia institución educativa.

Tamén serán tidos en conta os principios reitores da actuación dos poderes públicos de Galicia no exercicio das funcións de atención e protección á infancia e á adolescencia e o principio de corresponsabilidade e deber de colaboración, regulados na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Será conveniente, ademais, informar os pais e nais da vítima tanto da agresión como da posibilidade de efectuar a correspondente denuncia dos feitos no organismo competente.

#### **Particularidades xurídicas do ciberacoso**

Esta forma de acoso inclúe normalmente accións como o uso de datos persoais, os cales, segundo a Constitución Española (art. 18.4), non poden ser usados sen o consentimento informado do seu titular para uns fins concretos.

A Lei establece sancións significativas para aqueles que, para descubrir os secretos ou vulnerar a intimidade de outro sen o seu consentimento, se apoderen dos seus papeis, cartas, mensaxes de correo electrónico ou calquera outro documento ou efectos persoais, intercepte as súas telecomunicacións ou utilice artificios técnicos de escoita, transmisión, gravación ou reprodución do son ou da imaxe ou de calquera outro sinal de

comunicación.

A utilización da imaxe precisa consentemento do seu titular. Neste sentido a Lei é notablemente sensible coa utilización de imaxes de menores e persoas consideradas incapaces de obrar xuridicamente.

O ciberacoso pode ser constitutivo dun delito de:

Ameazas: atópanse reguladas nos artigos 169 a 171 do Código Penal, onde se dispón que a comisión deste tipo de delitos require:

- Que exista unha ameaza.
- Que a ameaza consista en causar un mal.
- Que exista unha condición para non causar o dito mal.

Coaccións: atópanse reguladas nos artigos 172 e 173 do Código Penal, onde se dispón que a comisión deste tipo de delitos require:

- Que se obrigue a un terceiro a facer ou deixar de facer algo.
- Que se leve a cabo mediando violencia (en sentido amplo, física ou psíquica).

Inxurias: atópanse reguladas nos artigos 206 a 210 do Código Penal, onde se dispón que a comisión deste tipo de delitos require:

- Que exista unha acción ou expresión.
- Que se lesione a dignidade, a fama ou a propia estimación.

Calumnias: atópanse reguladas no artigo 205 do Código penal, onde se dispón que a comisión deste tipo de delitos require:

- Que exista a imputación dun delito.
- Que a imputación sexa falsa.

- Que a imputación sexa sobre un feito concreto.
- Que a imputación se realice sobre unha persoa identificada ou identificable.

Suplantación de personalidade: a suplantación da personalidade unicamente é delito se a conduta encaixa perfectamente no tipificado como tal no artigo 401 do Código Penal, é dicir, se o que se usurpa é o estado civil doutro. Se o que se fai é simplemente crear un perfil inventado ou con datos falsos, a conduta non encaixaría neste tipo penal e non podería ser considerada delito, polo que inventar datos falsos para participar nunha rede social non é constitutivo do delito de usurpación do estado civil.

Lesión de privacidade: Entrar nunha conta ou perfil doutra persoa é unha conduta que de por si pode comportar graves consecuencias xurídicas. Ao acceder a unha conta allea, pode estar cometéndose un delito de lesión de privacidade considerado pola normativa como unha forma de descubrimento e revelación de secretos. Este delito establécese nos artigos 197 e seguintes do Código Penal. Para acceder á conta ou perfil doutro, é probable que se tivesen que provocar danos en sistemas informáticos para saltar ou conseguir as claves e os contrasinais, estando así ante un delito de danos “redes, soportes ou sistemas informáticos” regulado no punto 2 do artigo 264 do Código Penal.

A regulación penal aplica as seguintes normas en función da idade do suxeito autor do delito:

- Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, pola que se aproba o Código Penal. Esta norma é de aplicación a suxeitos maiores de idade e, excepcionalmente, a suxeitos menores en idades comprendidas entre os dezaseis e dezoito anos.
- Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores aplicable aos maiores de catorce e menores de dezoito anos.

A resposta do dereito penal de menores debe atender á dobre dimensión sancionadora e educativa primando, nesta última, o interese superior do menor polo que algunhas condutas tipificadas como delitos poden quedar sen castigo.

## CLÁUSULA DE CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece na súa disposición adicional vixésimo terceira que:

*Os centros docentes poderán recoller os datos persoais do seu alumnado que sexan necesarios para o exercicio da súa función educativa. Ditos datos poderán facer referencia á orixe e ambiente familiar e social, a características ou condicións persoais, ao desenvolvemento e resultados da súa escolarización, así como a aquelas outras circunstancias cuxo coñecemento sexa necesario para a educación e orientación dos alumnos.*

*Os pais ou tutores e os propios alumnos deberán colaborar na obtención da información á que fai referencia este artigo. A incorporación dun alumno a un centro docente suporá o consentimento para o tratamento dos seus datos e, no seu caso, a cesión de datos procedentes do centro no que estivera escolarizado con anterioridade, nos termos establecidos na lexislación sobre protección de datos. En todo caso, a información á que se refire este apartado será a estritamente necesaria para a función docente e orientadora, non podendo tratarse con fins diferentes ao educativo sen consentimento expreso.*

*No tratamento dos datos do alumnado aplicaranse normas técnicas e organizativas que garantan a súa seguridade e confidencialidade. O profesorado e o resto do persoal que, no exercicio das súas funcións, acceda a datos persoais e familiares ou que afecten á honra e intimidade dos menores ou a súas familias quedará suxeito ao deber de sigilo.*

*A cesión dos datos, incluídos os de carácter reservado, necesarios para o sistema educativo, realizarase preferentemente por vía telemática e estará suxeita á lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal. No caso da cesión de datos entre Comunidades Autónomas ou entre estas e o Estado, as condicións mínimas serán acordadas polo Goberno coas Comunidades Autónomas, no seo da Conferencia Sectorial de Educación.*

Dacordo co establecido no artigo 53 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, no que respecta aos principios éticos, establécese que os funcionarios e funcionarias gardarán secreto das materias clasificadas ou outras cuxa difusión estea prohibida legalmente e manterán a debida discreción sobre aqueles asuntos que coñezan por razón do seu cargo, sen que poidan facer uso da información obtida para beneficio propio ou de terceiros, ou en prexuízo de interese público.

O artigo 10 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, regula o deber de segredo, establecendo que os responsables do procesado e almacenamento de datos (incluídos aquí os que derivan do proceso de corrección), e quen interveña en calquera fase do tratamento de datos de carácter persoal, están obrigados ao segredo profesional respecto dos mesmos e ao deber de gardalos, obrigacións que subsistirán aínda despois de finalizar a súa relación co titular do ficheiro e, no seu caso, co responsable do mesmo.

Pola propia natureza do proceso, os datos de carácter persoal manexados serán estritamente confidenciais, estando obrigados todos os empregados públicos que interveñen no proceso ao deber de segredo e sixilo profesional. Así mesmo, as partes implicadas, entendendo aquí os menores e os seus representantes legais, así como calquera persoa que interveña no proceso a instancia de parte, deberá manter a debida confidencialidade sobre os datos persoais que poidan manexarse durante a tramitación, garantindo o dereito á intimidade e á honra de todos os intervinientes.

O artigo 13 do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, ao respecto do tratamento de datos de menores de idade, establece que en ningún caso poderán recabarse do menor datos que permitan obter información sobre os demais membros do grupo familiar, ou sobre as características do mesmo, como os datos relativos á actividade profesional dos proxenitores, información económica, datos sociolóxicos ou calquera outros, sen o consentimento dos titulares de tales datos; o que deberá ser tido en conta nos procesos de averiguación.

Por todo isto é moi importante que os responsables da tramitación do proceso aporten a cada un dos intervintes o menor número posible de datos persoais sobre o resto de implicados que garanta o efectivo exercicio dos dereitos que os asisten, actuando como salvagarda dos intereses de todas as partes.

**7. CONCRECIÓN, EN CADA UNHA DAS ACTUACIÓNS, DAS MEDIDAS OU DOS PROGRAMAS, DAS PERSOAS OU DOS ÓRGANOS RESPONSABLES, DAS PERSOAS DESTINATARIAS E DOS PROCEDEMENTOS QUE SE VAN A SEGUIR PARA O SEU DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN.**

**7.1. Actividades de acollida para o alumnado que se matricula por primeira vez e para as súas familias, que faciliten o coñecemento das normas de convivencia**



As actividades de acollida teñen como finalidade facilitar o proceso de escolarización, a adaptación e a integración do alumnado de novo ingreso no centro ao entorno escolar.

Para o alumnado de educación infantil que se incorpora ao sistema educativo existe un Plan de Adaptación específico.

Para o restante alumnado que se incorpore ao centro as actuacións a realizar terán como obxectivos:

- Axudar ao alumnado a integrarse plenamente no centro.
- Atender as necesidades educativas e comunicativas se as houbera.
- Favorecer no centro un clima de convivencia, respecto e tolerancia.

Actuacións do Plan de Acollida:

**Equipo Directivo:**

- Elaboración, seguimento e avaliación do Plan.
- Traslado de información ao profesorado que atenda aos alumnos e alumnas.
- Apoio e colaboración en cuestións sociofamiliares.

**Departamento de Orientación:**

- Orientar e asesorar na elaboración, seguimento e avaliación do Programa.
- O orientador/a asesorará sobre as actuacións e decisións de carácter pedagóxico.
- Establecer o primeiro contacto coa familia para facilitarlles información sobre o sistema educativo e coñecer o centro.

**Titor/a:**

Coa familia:

- Solicitar, nunha primeira entrevista, a información necesaria.
- Facilitar á familia a información que necesite.
- Establecer coa familia pautas para un contacto constante e frecuente co centro.

Co resto do profesorado:

- Traslado de información.
- Solicitar datos do profesorado.

Co alumno/a:

- Recibir ao alumno/a.
- Determinación do seu nivel de competencia lingüística no caso de alumnado procedente do estranxeiro.
- Realizar a avaliación inicial (valoración da súa escolarización previa e das súas habilidades básicas en lecto-escritura e matemáticas e as posibles necesidades específicas).
- Servir de enlace e referente co profesorado e os compañeiros/as.
- Mostrar o centro, normas, pautas de comportamento, de traballo.
- Informar sobre actividades e situacións escolares que poidan resultar novedosas.
- Facer participar activamente ao alumno/a en aqueles aspectos nos que sexa competente.

Co grupo:

- Informar sobre o novo compañeiro/a.
- Organizar actividades que faciliten a súa integración escolar e afectiva.
- Seguimento do proceso de integración.
- Adaptar a resposta educativa ás necesidades do alumno (solicitando a colaboración necesaria).

Profesorado:

- Proporcionar un trato afectuoso.
- Aportar información ao titor/a.
- Explicación de pautas e normas de comportamento.

- Ter en conta unha visión global de todas as actividades e persoas que inciden no proceso de adaptación.

#### **Criterios de adscrición ao grupo:**

En principio adscribirase ao alumno/a ao nivel que lle corresponda segundo o certificado de escolarización do centro de procedencia que achegue a familia. No alumnado procedente do estranxeiro, o/a orientador/a realizará a correspondente proposta de escolarización atendendo ao disposto na normativa. En canto ao grupo dentro do nivel, se establecerán os criterios sinalados na asignación e organización dos grupos, primando a igualdade ou equidade de número de alumnos pero tamén tendo en conta os criterios que a xefatura de estudos considere.

#### **Actuacións na aula:**

- Convén nomear un alumno/a-titor/a, que lle acompañe nos primeiros movementos no centro, e ao que poida acudir en situación de conflito ou necesidade.
- Informar ao grupo sobre o novo compañeiro/a de forma que comence o proceso de aceptación. De proceder do estranxeiro: do seu país de orixe, a lingua que fala, informar ao grupo no coñecemento das posibles pautas culturais disonantes coas nosas, explicándoas no seu contexto.
- É convinte avaliar e examinar de cando en vez colectivamente o proceso de integración do novo compañeiro/a, detectando posibles dificultades e fixando tarefas para corrixilas.
- Aceptar o proceso coñecido como "etapa silenciosa" pola que pasan moitos alumnos/as que se ven inmersos neste proceso.
- Abordar de xeito inmediato situacións de rexeitamento, xenofobia ou discriminación que poidan darse, sexa no grupo ou fóra do aula, para atallalas o máis rapidamente posible e tratar de cambiar a actitude do alumnado implicado.

### **7.2. Actividades para a sensibilización fronte aos casos de acoso e intimidación entre iguais, dirixidas á comunidade educativa**

- Programas de habilidades e competencias sociais. Realizaranse desde o Departamento de Orientación.
- Plan Director de Convivencia. Charlas dirixidas ao alumnado e á comunidade educativa sobre o acoso escolar.
- Actividades dirixidas ao alumnado sobre navegación segura en Internet e uso responsable das novas tecnoloxías. Plan director. Garda Civil
- Participación en plans como Vieiro, e outras alternativas (LGTB, Aloumiños, etc...)

### **7.3. Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.**

O compromiso da tarefa formativa de desenvolver no alumnado a súa capacidade para adquirir habilidades na resolución pacífica dos conflitos, lévanos necesariamente a suscitarnos o respecto da igualdade de sexos.

A educación para a igualdade entre homes e mulleres debe ocupar un lugar preeminente na educación en valores que pretendemos, pois hoxe é máis urxente que nunca inculcar a necesidade do rexeitamento ás desigualdades e discriminacións derivadas da pertenza a un determinado sexo.

A educación escolar debe contribuír a que os alumnos e alumnas sexan capaces de identificar situacións nas que se produce este tipo de discriminación polo xénero, de analizar as súas causas e de actuar eles mesmos á súa vez dacordo con estes valores igualitarios.

A escola debe ofrecer alternativas ao sexismo existente na sociedade, debe ser unha escola xusta e, polo tanto, coeducativa. Debe aplicar a perspectiva de xénero nas accións diarias do centro.

**Accións dirixidas á comunidade escolar:**

- Tratamento da linguaxe: uso dunha linguaxe non sexista, no que se contemple e visualícese o xénero feminino. Os escritos e documentos dirixidos desde o centro así como desde a ANPA terán en conta este aspecto na redacción de comunicados e documentos para transmitir a información.
- Sensibilizar e concienciar ás alumnas no interese polo coñecemento científico-tecnolóxico co fin de ampliar os campos posibles de elección nas súas expectativas profesionais.
- Realización de actividades de divulgación e/ou formación (charlas, talleres, etc.) sobre coeducación e dirixidas á comunidade educativa.
- Realización de actividades de potenciación do xénero feminino.

Accións no centro:

- Reparto equilibrado de tarefas e responsabilidades entre o alumnado de ambos sexos.
- Igualdade de trato entre o alumnado en todos os aspectos educativos (curriculares, organizativos, metodolóxicos, actitudinais, etc.).
- Criterios de selección de textos e materiais curriculares que contemplan un tratamento equilibrado de xénero que non sexa sexista (linguaxe, roles, imaxes, currículo oculto, etc.).
- Tratar de erradicar os comportamentos e actitudes relacionais entre o alumnado que non sexan igualitarios. Romper desde a aula os estereotipos sexistas.
- Encauzar o rol de protagonismo que ostentan os varóns cara a situacións de liderado compartido e relacións afectivas coas súas compañeiras.
- A perspectiva de xénero debe estar incluída e debe ser tida en conta en todas as áreas. O labor máis importante respecto diso desenvólvese obviamente na titoría, con todo o compromiso debe ser asumido por todo o profesorado. As actuacións educativas serán máis efectivas canto máis interiorizadas estean polos equipos educativos.

- Enfrontar o tema da violencia cara ás mulleres. Debemos abordar este tema como un compromiso social e educativo. A escola non pode mirar cara a outro lado e reforzar as ideas que sustentan a violencia contra as mulleres. A violencia de xénero non é un problema que afecta ao ámbito privado senón que é unha expresión extrema e brutal dunha desigualdade subxacente na nosa sociedade, sustentada nunha violencia cultural e estrutural que debe ser combatida en varios ámbitos simultaneamente: xudicial, policial, sanitario, medios de comunicación, publicidade, pero sobre todo no ámbito da educación.
- Impulsar actividades sobre coeducación dirixidas ao alumnado (talleres, charlas, conmemoracións, etc.).
- Colaborar con outras institucións e organismos para ofrecer recursos e actividades sobre coeducación.

#### 7.4. Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social

- Celebración de datas que sensibilicen a toda a comunidade educativa nos valores democráticos: a tolerancia, igualdade, o respecto, o diálogo, a resolución de conflitos de forma pacífica e a non violencia: Día Internacional contra a Violencia de Xénero, Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, Día Escolar da non Violencia e da Paz , Día contra a Homofobia, Día da identidade e da Diversidade, Día Internacional da Muller,...
- Medidas de carácter organizativo que posibiliten a adecuada vixilancia dos espazos e dos tempos considerados de risco, como os recreos, as entradas e saídas do centro e os cambios de clase nos corredores.
- O Departamento de Orientación elaborará e desenvolverá un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais por parte do alumnado como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente.

- Así mesmo, elaborárase e desenvolverase un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais específico para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro. Este programa aplicarase coordinadamente entre o Departamento de Orientación e o profesorado tutor, que procurarán implicar ao resto do profesorado e ás familias e, de ser o caso, aos servizos sociais correspondentes, para lograr conxuntamente o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

#### O recreo e o xogo:

- O período de recreo é un dos momentos onde se producen con frecuencia incidencias ou conflitos entre o alumnado. O patio de recreo é o espazo de xogo que os nenos e nenas utilizan fóra xa dos límites da aula para establecer vínculos relacionais máis libres e onde a interacción con outros grupos é maior. Por este motivo poden xurdir conflitos case sempre ocasionados pola confluencia de intereses, os problemas de integración social, a competitividade e as rivalidades persoais, a agresividade, etc.
- É por iso que resulta tamén un espazo educativo proveitoso onde se establecen unhas normas de funcionamento claras e precisas que todo o profesorado debe aplicar de forma xeneralizada e coordinada. Para iso debe haber unha organización definida de uso dos espazos de xogo. Esta organización recollerase nas Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia.

### **8. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO COA CONCRECIÓN DOS DEREITOS E DEBERES DOS DIFERENTES MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA E PROTOCOLO PARA A DETECCIÓN E INCUMPRIMENTO DELAS**

A concreción dos dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa recolleranse nas Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia.

Un exemplar destas Normas entregarase a cada familia no momento que formalice a matrícula no centro, ademais estará dispoñible na páxina web para consulta e descarga de calquera integrante da Comunidade Educativa.

#### Protocolo para a detección e incumprimento das Normas de Convivencia.

Nas sesións de avaliación, dentro do apartado de avaliación da práctica docente e do proceso de ensino-aprendizaxe, valorarase o grao de cumprimento das Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia en cada grupo, achegando na acta, se as houbera, as conclusións e as propostas oportunas.

### **8.1. Dereitos de deberes do alumnado**

#### **Dereitos dos alumnos/as**

1. A recibir formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
2. A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
3. Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
4. A que o seu rendemento sexa avaliado con plena obxectividade.
5. A recibir orientación escolar e profesional para conseguir o máximo desenvolvemento persoal, social e profesional, segundo as súas capacidades, aspiracións ou intereses.
6. A que a súa actividade académica se desenvolva nas debidas condicións de seguridade e hixiene.
7. A que se lles respecte a súa liberdade de conciencia, conviccións relixiosas, morais ou ideolóxicas, así como a súa intimidade no que respecta a tales crenzas.
8. A ser educados fomentando a súa capacidade e actitude crítica, a súa capacidade de comprensión e elección en liberdade, a súa tolerancia e a súa convivencia democrática.



9. Á liberdade de expresión sen prexuízo dos dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o respecto aos principios constitucionais.

### **Deberes do alumnado**

1. O deber máis importante dos alumnos é o de aproveitar positivamente o posto escolar que a sociedade pon á súa disposición. Por iso, o interese por aprender e a asistencia á clase, é dicir, o deber do estudo, é a consecuencia do dereito fundamental á educación.
2. Paralelamente ao anterior , o deber fundamental tamén é participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo e de desfrute no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros/as á educación en todas as súas manifestacións.
3. O alumnado deberá levar unha vestimenta xeitada á realización da tarefa que se require nun colexio, e non poderá cubrirse a cabeza no interior das dependencias agás que houbera razóns psicolóxicas ou médicas que así o aconsellen
4. Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
5. Respetar a liberdade de convivencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
6. Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro.
7. Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
8. Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
9. Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.
10. Os/as alumnos/as deben respectar a liberdade de conciencia e as conviccións, dignidade, integridade e intimidade dos demais membros da comunidade educativa.

11. Os alumnos non poden fumar, consumir alcohol (ou calquera outra substancia perigosa para a saúde) no recinto escolar nin en calquera actividade relacionada co ámbito educativo.
12. Aos alumnos/as non lles está permitido abandonar a centro sen as condicións que se establecen no NOF.
13. Os alumnos/as estarán sempre baixo a tutela dun adulto e estarán no lugar que lles indique o profesor correspondente sen poder ausentarse do mesmo agás co permiso exclusivo dun profesor.
14. Todas aquelas normas que se establezan no regulamento do NOF respecto a organización e funcionamento do Centro.

## **8.2. Dereitos e deberes das familias**

### **Os pais e nais teñen os seguintes dereitos:**

1. A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
2. A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.
3. A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.
4. A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
5. Colaborar, como primeiros educadores, na educación integral dos seus fillos e fillas.
6. Participar activamente nas actividades do centro a través dos órganos e mecanismos que a lei establece.

7. Formular suxestións, queixas ou peticións que consideren oportunas, ao equipo directivo e profesores do centro nas horas de visita establecidas a tal efecto.
8. Dereito de elixir ou ser elixido representante nos órganos de goberno do centro e a participar activamente nos mesmos.
9. Participar na elaboración, desenvolvemento e modificación do ROF nos termos que a lei estableza.
10. Recibir información puntual en caso de non asistencia a clase dos fillos/as.
11. Promover e organizar actividades complementarias e extraescolares en colaboración con outros sectores da comunidade escolar.
12. A que reciban os seus fillos/as unha educación de calidade.

**Os pais e nais teñen os seguintes deberes:**

1. Coñecer, participar e apoiar a evolución do proceso educativo dos seus fillos e fillas, en colaboración co profesorado e co centro docente.
2. Coñecer as normas establecidas polo centro docente, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
3. Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
4. Colaborar co centro docente na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos e fillas.
5. Procurar a asistencia e puntualidade dos seus fillos/as ao centro así como puntualidade na recollida á hora de saída.
6. Xustificar debidamente as faltas de asistencia que se produzan.
7. Conceder o debido valor aos resultados da avaliación continua que periódicamente reciban, estimulando e supervisando para que os seus fillos leven a cabo as actividades que se lles encomenden.

8. Acudir ao centro cando sexa requirido pola dirección, o titor/a, o orientador/a ou calquera dos profesores dos seus fillos/as.

### **8.3. Dereitos de deberes do profesorado**

#### **Dereitos do profesorado**

Os profesores teñen, entre outros, os seguintes dereitos:

1. A ser respectados, recibir un trato adecuado e ser valorados polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
2. A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
3. A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
4. A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
5. Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
6. Á utilización das instalacións, mobiliario e material do centro.
7. Realización de actividades culturais, deportivas e fomento dun traballo coordinado e en equipo.
8. Participación activa na vida escolar e na organización do centro.
9. Formular ante os membros da comunidade escolar do centro cantas iniciativas, suxestións e reclamacións estimen oportunas.
10. Participar en actividades e cursos de perfeccionamento, seguindo os requisitos que establece a lexislación vixente.
11. Asesorar aos seus representantes no Consello Escolar e ser informados puntualmente por estes das resolucións tomadas nas reunión deste órgano.

## Deberes do profesorado

Os profesores/as terán, entre outros, os seguintes deberes:

1. Impartir as ensinanzas das materias ao seu cargo, dacordo coas programacións didácticas dos cursos, utilizando os materiais didácticos axeitados.
2. Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
3. Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndoa en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
4. Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
5. Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle imponha a normativa aplicable.
6. Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración Educativa, das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
7. Asumir as titorías dos alumnos/as para dirixir a súa aprendizaxe e axudalos/as a superar as dificultades que atopan.
8. Aceptar os cargos e funcións que se lle encomenden, segundo a lexislación vixente.
9. Respetar a integridade física, moral e a dignidade persoal dos alumnos/as.
10. Cooperar e participar na actividade educativa e de orientación, achegando o resultado das súas observacións sobre as condicións intelectuais e persoais dos alumnos/as.

11. Participar nos traballos dos cursos, equipos e demais órganos de coordinación, colaborando cos demais profesores.
12. Colaborar na organización de actividades complementarias e extraescolares. A participación do profesorado nas actividades extraescolares ten carácter voluntario.
13. Asistir ás reunións do claustro, sesións de avaliación e reunións de equipos.
14. Cumprir con regularidade e puntualidade o seu horario, debendo xustificar os retrasos e ausencias de modo regulamentado. Deberán, tamén, solicitar coa debida antelación aqueles permisos establecidos na Lei e todas aquelas ausencias de carácter previsible.
15. escoitar ao alumno/a nas súas obxeccións e suxestións, someténdoo a exame. Ser obxectivo na avaliación do rendemento e comportamento escolar do alumnado.
16. Controlar diariamente as faltas de asistencia dos alumnos/as a cada unha das súas clases, comunicando á xefatura de estudos as ausencias inxustificadas.
17. Atender aos procedementos sinalados para a comunicación e corrección de faltas na súa respectiva competencia.
18. Recibir e informar aos alumnos e aos seus pais/titores sobre o seu rendemento escolar.
19. Respetar e actuar de acordo co Proxecto Educativo e demais normativa do centro.

#### **8.4. Dereitos de deberes do persoal de administración e servizos**

##### **Dereitos**

Ao persoal de administración e servizos dos centros docentes no ámbito da convivencia escolar, recoñecenselle os seguintes dereitos:

1. A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.

2. A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
3. A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
4. Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.

### **Deberes**

No marco das funcións establecidas pola normativa vixente e os convenios e regulamentos correspondentes, son deberes do persoal de administración e servizos os indicados de seguido:

#### **PERSOAL DE CONSERXERÍA**

1. Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
2. Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
3. Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración Educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
4. Gardar sigilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.
5. Colaborar no bo funcionamento e estado das instalacións dando conta dos deterioros e anomalías que podan atopar.
6. Velar pola seguranza das persoas e das instalacións, non permitindo o acceso de persoas alleas ao centro ou non identificadas.
7. Contribuír ao aforro de recursos empregando adecuadamente o material e evitando o gasto inútil de enerxía e auga.
8. Apertura e peche das dependencias do centro. Tocar o timbre do colexio sinalando as entradas, saídas e recreos. Non permitirá a saída do recinto escolar

durante as horas de clase a ningún alumno sen autorización do titor/a e sen a presenza dos pais, Titor ou familiar debidamente identificado.

9. Recibir, conservar e distribuir a correspondencia e documentación que se lle encomendé. Realizar o traslado de material, mobiliario e enseres que se lle encomenden. Prestar servizos adecuados á natureza das súas funcións en arquivos, almacéns, reprografía, etc.
10. O secretario do centro supervisará, por delegación do director/a, a actividade e funcionamento do persoal de administración e servizos.

#### PERSOAL COIDADOR

O persoal coidador: ríxese pola Resolución de 18 de decembro de 1986 da Dirección Xeral de Traballo pola que se dipón a publicación do Convenio Colectivo para o persoal laboral de Educación Especial dependente do Ministerio de Educación e Ciencia e pola Resolución do 20 de outubro de 2008 da Dirección Xeral de Relacións Laborais do convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

As funcións do persoal coidador desenvólvese en catro ámbitos: en relación co centro, co alumnado, coa persoa titora e outros profesionais e en relación coas familias.

Considéranse como propias as seguintes funcións:

1. Guiar e/ou axudar ao alumnado na realización de actividades de coidado, hixiene e aseo persoal.
2. Guiar e/ou axudar ao alumnado na realización de actividades dirixidas á adquisición de hábitos alimentarios e de autonomía.
3. Guiar e/ou axudar ao alumnado na realización de actividades dirixidas á adquisición de técnicas de orientación, mobilidade, autocontrol en desprazamentos e habilidades da vida diaria.
4. Guiar e/ou axudar ao alumnado a desplazarse e participar activamente en actividades dentro e fóra do centro, cando as súas condicións o impidan ou



- dificulten de forma importante ou supoñan un risco físico evidente.
5. Axudar ao alumnado dentro da aula para facilitarlle o acceso ás actividades que presentan especial dificultade para el mesmo. Estas deberán estar sempre programadas, supervisadas e valoradas polo profesorado, sexan desenvolvidas na aula ordinaria ou noutros agrupamentos.
  6. Axudar ao alumnado na súa integración social: entradas, recreos, salidas, excursións...
  7. Outras posibles funcións que indique a dirección do centro para a mellor atención e coidado destes alumnos, coherentes coas propostas de apoio educativo.
  8. Posíble colaboración compartida co resto do persoal do centro na realización doutras tarefas, sempre e cando o alumnado enriba indicado non precise nese momento da súa atención.

#### PERSOAL DE COCIÑA E TRANSPORTE ESCOLAR

O Persoal de cociña e Transporte Escolar será regulado e atendido polo disposto nos Protocolos exclusivos redactados a tal fin (Protocolo de Transporte e Protocolo de Comedor escolar) e que apaprecen recollidos no NOF e na PXA e que poden ser variados en función das disposicións legais que anualmente dictaminen os servizos complementarios correspondentes da xefatura territorial.

#### PERSOAL DE LIMPEZA

O persoal de limpeza depende do Concello que é o que especifica o seu horario de atención ao centro.

Con respecto ás normas de organización e funcionamento:

1. Será responsable das chaves, de gardalas en lugar seguro, sen etiquetado e sin acceso a elas de terceiras persoas.
2. Non levar persoas ao edificio que non teñan autorización de entrada.
3. Non prestar as chaves, manter as portas pechadas e non abrir a porta para entrar

- nin saír a persoa algunha a menos que estea especificamente autorizada.
4. Non usar o teléfono.
  5. Acceder ás zonas de administración, sala de profesores/as.....para a súa limpeza, nos momentos establecidos pola dirección co fin de interferir o menos posible nas tarefas do profesorado e preservar a confidencialidade propia destes espazos.
  6. Non entrometerse en asuntos relacionados co alumnado que son competencia do persoal docente e/ou conserxería.
  7. Non asumir, por iniciativa propia, competencias que non son da súas incumbencia.

## **9. ESTABLECEMENTO DAS CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E DAS CORRECCIÓNS QUE CORRESPONDAN AO SEU INCUMPRIMENTO**

A concreción das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento recolleranse nas Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia.

Sen prexuízo dos procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, regulados expresamente no capítulo IV do título III do Decreto 8/2015, poderase utilizar a mediación como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora na xestión de calquera conflito entre membros da comunidade educativa.

### Mediación escolar:

A mediación é unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos en que unha terceira persoa axuda as partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para ambas as dúas.

Nos supostos menos graves de situación de acoso, favorecerase a mediación realizada por alumnado do centro educativo que obtivese formación e cualificación para a intervención nestas situacións.

- Os equipos de mediación estarán formados por alumnos de 5º e 6º cursos de primaria de xeito que se facilite a formación e continuidade en cursos sucesivos.

- A participación nos equipos de mediación terá carácter voluntario e requirirá unha formación específica previa.
- Solo se derivará un conflito cara a mediación se as partes así o deciden.
- As actuacións e o seu seguimento realizarase a través do Departamento de Orientación e a Comisión de Convivencia.

### **NORMAS DE CONVIVENCIA E PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN**

- Os incumprimentos das Normas de Convivencia valoraranse tendo en consideración a situación e condicións persoais do alumno/a.
- As correccións que se apliquen polo incumprimento das Normas de Convivencia terán un carácter educativo e recuperador. Deberán garantir o respecto aos dereitos do resto do alumnado e procurar a mellora das relacións de todos os membros da Comunidade Educativa.

En todo caso, na corrección dos incumprimentos, teranse en conta os seguintes aspectos:

- Ningún alumno poderá ser privado do exercicio do seu dereito á educación, nin ao seu dereito á escolaridade.
- Non poderán impoñerse correccións contrarias á integridade física e á dignidade do alumno.
- A imposición das correccións previstas respectará a proporcionalidade coa conduta do alumno e deberá contribuír á mellora do seu progreso educativo.
- Os órganos competentes para a instrución do expediente ou para a imposición de correccións deberán ter en conta a idade do alumno, tanto no momento de decidir a súa incoación ou sobreseimento como aos efectos de graduar a aplicación da sanción cando proceda.
- Teranse en conta as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumno antes de resolver o procedemento corrector. A estes efectos poderán solicitarse os informes que se estimaren necesarios sobre as aludidas circunstancias e recomendaren, no seu caso, aos pais ou representantes legais do alumno ou ás instancias públicas competentes, a adopción das medidas necesarias.

- Determinaranse as medidas necesarias para que a inasistencia a clase non repercuta no rendemento académico do alumnado afectado.
- Cada titor terá na clase un planing mensual no que especificará as anotacións de faltas e incidencias do alumnado.
- Ou ben o titor ou o mestre que se atope co alumno, anotará no planing a falta cometida, escoitado o titor no derradeiro caso.
- Á terceira falta o titor comunicará á xefatura de estudos as incidencias. Así mesmo, informarase aos país/nais ou titores legais para tratar de poñer solución ao problema xurdido.

No caso de repetirse a incidencia convocarase aos país/nais ou titores legais desde a dirección do Centro.

### **CONDUTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA E CORRECCIÓNS**

Serán obxecto de corrección disciplinaria as condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.

Poderán correxirse disciplinariamente as condutas do alumnado que, aínda realizadas fóra do recinto escolar, estivesen motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afectasen aos seus compañeiros ou compañeiras ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúan acoso escolar con arreglo ao establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011. “Considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro, outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicológico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que tiveran causa nunha relación que xurda no ámbito escolar”.

As posibles condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas mediante o emprego de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan conexión coa actividade escolar, considéranse incluídas no ámbito de aplicación da Lei 4/2011.

## CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA

Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A grabación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou información que atenten contra o dereito á honra, á dignidade da persoa, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou substracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa substracción.
- h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación ás mesmas.
- j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o apartado terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011, do 30 de

xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa cando se é requirido para iso polo profesorado.

- k) A reiteración, nun mesmo curso, de condutas leves contrarias á convivencia.
- l) O incumprimento das sancións impostas.

### **CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA**

Considéranse condutas leves contrarias á convivencia:

- a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa no apartado a), os actos de discriminación do apartado b), os actos de indisciplina do apartado c), os danos do apartado g), os actos inxustificados do apartado h) e as actuacións prexudiciais descritas no apartado i) do artigo anterior que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.
- b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a dignidade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo co apartado j) do artigo anterior.
- c) A inasistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia do centro.
- d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.

Así mesmo, terán a consideración de condutas leves contrarias á convivencia o uso, por parte do alumnado, de móbiles ou calquera outro dispositivo electrónico (consolas, reprodutores de música ou imaxe, cámaras de foto ou vídeo, etc..) dentro do recinto escolar. O uso destes apartaos queda restrinxido a:

- Excursións longas e no tempo establecido polo profesorado que os/as acompañan.
- Baixo a supervisión do profesorado cando este así o decida para actividades educativas.

O profesorado non poderá facer uso do teléfono móbil durante as clases, agás en casos de urxencia ou con fins educativos.

### **PRESCRICIÓN DAS CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA**

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes tipificadas nesta sección prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.
2. O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día en que a conduta se eleve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, en cuxo caso o prazo de prescrición non empezará a computarse mentres aquela non cese.
3. No caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e continuarase o cómputo do prazo de prescrición no caso de producirse a caducidade do procedemento.

### **CORRECCIÓN DE CONDUCTAS CONTRARIAS**

#### **MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA**

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixiadas coas seguintes medidas:

- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades complementarias ou extraescolares do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c) Cambio de grupo.
- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

- e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- f) Cambio de centro.

### **MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA**

As condutas leves contrarias á convivencia poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- a) Amoestación privada on por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante a xefatura de estudos.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades complementarias ou extraescolares do centro por un período de ata dúas semanas.
- f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

### **MODELOS NORMALIZADOS DE TRAMITACIÓN**

No seguinte enderezo atópanse os modelos normalizados que recollen o procedemento que cómpre seguir para a tramitación dos procedementos correctores de condutas contrarias ás normas de convivencia.



<http://www.edu.xunta.es/portal/Educonvives.gal>

**10. NORMAS ESPECÍFICAS PARA O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO, A SÚA COMPOSICIÓN, A PERIODICIDADE DAS REUNIÓNS E O PLAN DE ACTUACIÓN E, DE SER O CASO, DA AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA OU DA ESCOLA DE NAIS E PAIS.**

A Comisión de Convivencia estará integrada por:

- Director/a do centro.
- 1 representantes do profesorado.
- 1 representantes de nais e pais.
- 1 representante do persoal de administración e servizos
- A persoa responsable da xefatura de estudos.

A Comisión de Convivencia reunirse, polo menos, unha vez ao trimestre para analizar as incidencias producidas, as actuacións realizadas e os resultados conseguidos, así como, elevar ao Consello Escolar propostas para a mellora da convivencia.

A Comisión de Convivencia elaborará, ao rematar cada curso escolar, a correspondente memoria do plan de convivencia do centro, de acordo cos datos e coas conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias.

Aula de convivencia inclusiva

A aula de convivencia inclusiva ten como función substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro,

como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible,

A dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno ou alumna sexa atendido ou atendida na aula de convivencia inclusiva, garantindo, en todo caso, o trámite de audiencia aos pais, nais, titores ou titoras, se fose menor de idade non emancipado/a.

O profesorado que atenderá a aula de convivencia inclusiva, dentro do seu horario regular de obrigada permanencia no centro, será profesorado de garda. Para a atención da aula de convivencia contarase coa colaboración do Departamento de Orientación.

O Departamento de Orientación programación actuacións encamiñadas a favorecer un proceso de reflexión por parte do alumnado atendido na aula de convivencia inclusiva, que favorezan actitudes responsables e condutas positivas para a convivencia.

O horario e localización da aula establecerao a Xefatura de Estudos tendo en conta os espazos dispoñibles e de xeito que se incida do menor xeito posible nas actividades lectivas ordinarias. O profesorado titor coa colaboración do Departamento de Orientación facilitará o material didáctico preciso para o seu funcionamento.

## **11. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DO CONTORNO**

As actuacións recollidas no presente Plan deberán levarse a cabo baixo os principios de colaboración e coordinación de todos os sectores da comunidade educativa implicados en cada unha delas.

Os órganos de coordinación docente, no seu ámbito competencial, serán responsables de incorporar nas súas actuacións as medidas e os acordos adoptados, de conformidade co que establece o plan de convivencia e as normas de convivencia do centro.

Os órganos de coordinación docente incluírán as medidas e os acordos relacionados coa convivencia nos documentos institucionais do centro, concretamente nas concrecións curriculares de etapa, para asegurar a coherencia destes co proxecto educativo do centro e a programación xeral anual.

O centro establecerá a coordinación cos servizos sociais locais en todos aqueles casos nos que se require a intervención dos mesmos. A información que se intercambia e as intervencións máis comúns están relacionadas coa atención e o seguimento das minorías desfavorecidas, alumnado inmigrante, determinación de axudas de diversa índole, situacións de familias con dificultades, etc.

A través do departamento de Orientación coordinaranse as actuacións de acollida do alumnado que se vaia incorporar ao IES de adscripción ao centro.

## **12. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA**

Ademais das actuacións recollidas nos distintos apartados, o Plan de Convivencia estará disposición da Comunidade Educativa na páxina web do centro.

No momento da súa aprobación e ao inicio de cada curso a dirección do centro informará desta circunstancia, na circular de principios de curso.

## **13. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA**

Corresponde á Comisión de Convivencia o seguimento e coordinación do Plan de Convivencia. A Comisión de Convivencia reunirse, polo menos, unha vez ao trimestre para analizar as incidencias producidas, as actuacións realizadas e os resultados conseguidos, así como, elevar ao Consello Escolar propostas para a mellora da convivencia.

Os equipos docentes, o Claustro de profesores e a Asociación de Nais e Pais achegarán as súas conclusións e propostas de mellora para a convivencia no centro á Comisión de Convivencia.

A Comisión de Convivencia elaborará, ao rematar cada curso escolar, a correspondente memoria do plan de convivencia do centro, dacordo cos datos e coas conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias. O Consello Escolar, en pleno, por proposta da súa Comisión de Convivencia, aprobará a memoria do Plan de Convivencia elaborada por esta. Esta memoria formará parte da memoria anual do centro.

Os cambios que se introduzan cada curso no Plan de Convivencia Escolar incorporaranse na P.X.A do curso seguinte.

O presente Plan debe ser coñecido por toda a Comunidade Educativa.

Incorporar o Plan de Convivencia no Proxecto Educativo do Centro.

Incluir o Plan de Convivencia na páxina web do Centro.

## 14. INCORPORACIÓN PROTOCOLOS

### **Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo**

Este Protocolo enmárcase dentro do Plan de Prevención do suicidio en Galicia, en cuxa elaboración participou activamente e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, desde unha visión global multidisciplinar e interinstitucional desta problemática. Este modelo de actuación pretende ser un marco global orientativo que cada centro educativo poderá adaptar e contextualizar á súa realidade e características concretas e formará parte do Plan de Convivencia.

- [Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo](#)

### **I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020**

A Comunidade Autónoma de Galicia e a Administración educativa amosa, coa publicación deste I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos

de Galicia, o seu compromiso coa igualdade de oportunidades e de xénero coa finalidade de promover a construción dun novo modelo formativo capaz de abranguer por igual o feminino e o masculino. O camiño para avanzar cara á igualdade é a educación. O respecto, a liberdade e a igualdade son tres dos piares básicos.

- [I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020](#)

### **Protocolo de identidade de xénero**

- [Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero](#)

### **Protocolo de Protección de datos**

Protocolo que recompila e aclara as cuestións normativas máis relevantes ao respecto da Protección de Datos de carácter persoal. Trátase dun documento vivo porque irá incorporando os diferentes cambios normativos europeos, estatais e autonómicos, así como os diferentes e progresivos ditames da Axencia Española de Protección de Datos, a medida que xurdan. Para facilitar o seguimento destes cambios, o documento incorpora unha táboa coa mención á versión de que se trata. Por todo iso recoméndase a súa consulta en formato electrónico.

- [Protocolo de Protección de datos](#)

### **Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2015-2020. Informe de diagnose**

Documento que recolle os principais resultados agregados da diagnose elaborada no marco da Estratexia Galega de Convivencia ([educonvives.gal](http://educonvives.gal)). Todos os centros teñen, desde o mes de decembro, os seus informes personalizados, elaborados de modo automatizado e totalmente anónimo.

Este informe de diagnose supón unha visión global da nosa comunidade que sirva para tomar decisións de mellora baseadas en evidencias.

- [Diagnose de convivencia 2015-2020](#)

### **Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia**

Coa finalidade de establecer unhas pautas comúns de actuación fronte ao absentismo escolar, elaborouse o **Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia**, que ten un carácter básico e de referencia, de xeito que cada centro educativo, dentro da súa competencia e autonomía, pode adaptalo á súa realidade.

A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, dentro das súas competencias, ditou as **Instrucións do 31 de xaneiro de 2014**, co propósito de trasladar o protocolo xeral e de facilitar a súa aplicación nos centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

- [Protocolo de absentismo escolar](#)
- [Instrucións 31 xaneiro absentismo escolar](#)

### **Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario**

A presenza do TDAH nos distintos ámbitos da vida dunha persoa fai necesario que a abordaxe se realice desde un enfoque interinstitucional, integral e de colaboración, cando menos, entre a familia, o sistema educativo e o sistema sanitario. Conscientes desa situación e da necesidade dunha coordinación axeitada, a Consellería de Sanidade e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publicaron o **Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario**, co que se pretende contribuír á mellora da atención e á redución das dificultades que este trastorno ocasiona a diario na vida de moitas nenas, nenos e persoas adolescentes.

- [Protocolo de consenso sobre TDAH](#)

### **Protocolo de Atención educativa domiciliaria**



Co obxecto de mellorar a atención a Consellería impulsa, dentro da Estratexia Galega de Convivencia 2015-2020 un protocolo para a atención educativa do alumnado que deba permanecer convalecente no domicilio por lesión, doenza prolongada ou enfermidade crónica sempre a criterio médico. Neste protocolo determínanse os procesos de solicitude, tramitación, elaboración, coordinación e seguimento do programa individualizado, e a participación e apoio das familias. Así mesmo, facilitáanse modelos dos principais documentos necesarios.

- [Protocolo de Atención educativa domiciliaria](#)

### **Cuestionario de convivencia 2015**

No marco da Estratexia galega de convivencia escolar 2015-2020, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria elaborou un cuestionario de recollida de datos dos distintos sectores da comunidade educativa (dirección, alumnado, profesorado, familias e persoal non docente) co fin de facilitar a elaboración dos plans de convivencia dos centros e de establecer o clima escolar de Galicia, guiando as accións de mellora deste.

Esta recollida de datos faise mediante unha ferramenta informática en liña, de xeito automatizado e totalmente anónimo, a través da aplicación

[convivenciaxestion](#).

Co propósito de facilitar o uso desta aplicación, achéganse os seguintes documentos informativos:

- [Preguntas frecuentes cuestionario de convivencia](#)
- [Guía de usuario do cuestionario de convivencia](#)
- [Manual de uso da aplicación \*convivenciaxestion\*](#)
- [Cuestionario pictográfico](#)

### **Protocolo de Urgencias Sanitarias**

As actuacións en urxencias sanitarias e a atención nos procesos e condicións de saúde que afectan ao alumnado por un tempo prolongado ou ao longo de toda a súa vida, son claves na construción dun clima escolar pacífico, positivo e

respectuoso coa diversidade. No marco da Estratexia Galega para a Convivencia Escolar, ponse a disposición da comunidade educativa galega un Protocolo básico que será paulatinamente complementado por diferentes Addendas.

- [Protocolo de Urgencias Sanitarias e enfermidade crónica](#)
- [Anexos do protocolo de atención a urgencias sanitarias e enfermidade crónica \(doc\)](#)
- [Addenda de Diabete](#)

### **Procedemento corrector de condutas**

No marco da Estratexia galega de convivencia escolar 2015-2020, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria proporciona aos centros docentes unha ferramenta para desenvolver o procedemento corrector de condutas contrarias ás normas de convivencia, que guía a actuación do profesorado nestes casos. Esta ferramenta consta dunhas orientacións que pretenden dar resposta ás cuestións máis frecuentes que se formulan os centros cando se enfrontan a unha situación desta índole, e uns modelos normalizados que recollen o procedemento que cómpre seguir para a súa tramitación. Acompáñanse estes dous documentos cun mapa gráfico que ilustra todo o proceso.

Asimesmo, ponse a disposición dos centros educativos unha versión actualizada do protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar. Tanto o documento como os anexos que o acompañan, pretenden facilitar e axilizar a súa posta en práctica, recollendo estratexias de prevención e de actuación, así como a lexislación relativa a todo o procedemento.

- **Aclaración**

Respecto das dúbidas xeradas pola recente entrada en vigor da "*Ley 39/2015 del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas*", que establece no seu artigo 90.3 sobre especialidades na resolución dos procedementos sancionadores que:

*"3. La resolución que ponga fin al procedimiento será ejecutiva cuando no quepa contra ella ningún recurso ordinario en vía administrativa [...]"*

e o seu encaixe co previsto no artigo 25.8 da Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa:

*"8. A resolución da persoa titular da dirección do centro pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva. Contra a resolución da persoa titular da dirección do centro cabe instar a revisión ante o Consello Escolar no prazo de dez días lectivos nos termos previstos na alínea f) do artigo 127 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación."*

sinálase que, tal e como se especifica na exposición de motivos da Lei 4/2011:

*"É no procedemento de aplicación das medidas correctoras onde máis profunda é a reforma que esta lei leva a cabo. Nela combínase o principio de que estas medidas teñen un carácter educativo que se frustra se non existe inmediatez entre a súa aplicación e a conduta que se pretende corrixir co imprescindible respecto dos dereitos e garantías de defensa do alumnado."*

Polo tanto non procede entender o procedemento de corrección de condutas contrarias á convivencia como un procedemento sancionador da administración pública senón como un proceso re-educativo e corrector no que, non obstante, por asimilación, se adoptan medidas similares pero non idénticas ás establecidas no procedemento administrativo común, cunha vontade garantista. Non se pode perder de vista a necesidade de inmediatez das correccións, que, dilatadas no tempo perden a súa efectividade no proceso educativo.

Así, ao carecer desta natureza sancionadora, tratándose dun proceso propiamente educativo, as medidas correctoras impostas, de conformidade coa Lei 4/2011, son inmediatamente executivas.

- **Procedemento corrector de condutas contrarias ás normas de convivencia, adaptado ás Leis 39/2015 e 40/2015**
  - [Procedemento corrector: mapa v.2 \(pdf\)](#)
  - [Procedemento corrector: modelos normalizados v.2\(pdf\)](#)

- [Procedemento corrector: modelos normalizados v.2 \(doc\)](#)
- [Procedemento corrector: orientacións v.2 \(pdf\)](#)
- [Protocolo xeral para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar v.2 \(pdf\) adaptado ás Leis 39/2015 e 40/2015](#)
- [Estratexia galega de convivencia escolar 2015-2020](#)

## 15. DATOS DE INTERESE

### Departamento de Servicios Sociais

Praza do Médico Eduardo Mariño, s/n (Edificio do antigo Ambulatorio)

15100 - Carballo

Teléfono: 981 704 706

Horario de atención ao público: De luns a venres de 9.30 a 13.30 horas.

### CONSELLERÍA DE BENESTAR – MENORES – LIÑA DE AXUDA Á INFANCIA

Tfno.: 116111 - A liña de axuda á infancia é un servizo para todos os nenos e nenas que nalgún momento se sintan maltratados por outra persoa, necesiten axuda ou queiran falar sobre os problemas que lles afectan.

<http://benestar.xunta.es/web/portal/portada-de-infancia>

### MINISTERIO FISCAL - FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Praza de Galicia, s/n - 15071 A Coruña - Tfno.: 981 182 149/150 - Fax: 981 182 172

### FISCALÍAS DE MENORES DE GALICIA:

A CORUÑA: Rúa Monforte S/N Edificio novos xulgados, 15071 A Coruña Tfno.: 981185 210/120 – Fax: 881 881 145

LUGO: Praza de Avilés, s/n 27071 Lugo - Tfno.: 982 294 852 – Fax: 982 294 858

OURENSE: Praza de Concepción Areal, s/n 32071 Ourense Tfno.: 988 687 150 – Fax: 988 687 410

PONTEVEDRA: Avda. Fco. Tomás e Valente, s/n 36071 Pontevedra Tfno.: 986 805 363 – Fax: 986 805 358

## **ACOSO ESCOLAR. 900 018 018. Listado de teléfonos y direcciones**

MINISTERIO DE EDUCACION. XUNTA DE GALICIA  
Teléfono de atención a victimas de acoso escolar

**900 018 018**

**operativo desde 1 noviembre de 2016  
gratuito, no deja rastro en factura telefonica  
activo 24horas, 365 dias al año  
atendido por especialistas**

GARDA CIVIL – DIRECCIÓN XENÉRICA: COMANDANCIA DA GARDA CIVIL -  
UNIDADE ORGÁNICA DE POLICÍA XUDICIAL – EMUME (EQUIPO MULLER-MENOR)

Tfno. xenérico de emerxencias: [062](tel:062) (pedir que pasen co EMUME correspondente)

A CORUÑA: R/ Médico Devesa Núñez, 3 - 15008 A Coruña -Tfno.: 981 167 800 - Ext.: 270 –  
Fax: 981 167 801

LUGO: Praza Bretaña, 2 - Lugo - Tfno.: 982 221 311 - Ext.: 5156

OURENSE: R/ Bieito Amado, 17 - 32002 Ourense - Tfno.: 988 235 353 - Ext.: 237

PONTEVEDRA: R/ Domingo Fontán, 6 - 36005 Poio – Tfno. 986 807 900 - Ext.:287

Garda Civil - Grupo de Delitos Telemáticos (GDT) - Unidade Central Operativa:

[https://www.gdt.guardiacivil.es/webgdt/home\\_alerta.php](https://www.gdt.guardiacivil.es/webgdt/home_alerta.php)

POLICÍA NACIONAL - OFICINAS DE DENUNCIAS E ATENCIÓN AO CIDADÁN EN GALICIA

Xefatura Superior de Policía de Galicia

R/ Médico Devesa Núñez, 4 - 15008 A Coruña – Tfno.: 981166300 - Fax: 981122 610

PROVINCIA DA CORUÑA:

COMISARÍA LOCAL DE FERROL - Narón - Avda. de Vigo, 165 - 15403 Ferrol – Tfno.: 981 333 800 - Fax: 981 370 788

COMISARÍA LOCAL DE SANTA UXÍA DE RIBEIRA - R/ Miguel Rodríguez Bautista, 24 - 15960 Ribeira – Tfno.: 981 870 108 - Fax: 981 874 041

COMISARÍA LOCAL SANTIAGO DE COMPOSTELA - R/ Rodrigo de Padrón, 3 - 15705 Santiago de Compostela – Tfno.: 981 551 100 - Fax: 981 551 185

PROVINCIA DE LUGO:

COMISARÍA PROVINCIAL DE LUGO – R/ Chantada, 1 - 27004 Lugo – Tfno.: 982 265 118 - Fax: 982 201 210

COMISARÍA LOCAL DE MONFORTE DE LEMOS – R/ Miguel de Cervantes, 1 - 27400 Monforte de Lemos – Tfno.: 982 402 396 - Fax: 982 410 453

COMISARÍA LOCAL DE VIVEIRO - Avda. Ramón Canosa, s/n - 27850 Viveiro – Tfno.: 982 561 711 - Fax: 982 550 253

PROVINCIA DE OURENSE:

COMISARÍA PROVINCIAL DE OURENSE - R/ Mestre Vide, 4 - 32004 Ourense – Tfno.: 988 391 771 - Fax: 988 221 052

PROVINCIA DE PONTEVEDRA:

COMISARÍA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA - R/ Joaquín Costa, 17-19 – 36001 Pontevedra – Tfno.: 986 868 383 - Fax: 986 868 338

COMISARÍA DE DISTRITO VIGO-REDONDELA - R/ López de Mora, 39 - 36211 Vigo – Tfno.:

986 820 200 - Fax: 986 235 441

COMISARÍA LOCAL DE MARÍN - R/ Lameira, 27, baixo - 36900 Marín –Tfno.: 986 839 555 -

Fax: 986 839 575

COMISARÍA LOCAL DE VILAGARCÍA DE AROUSA - Avda. da Mariña, 9 – 36600 Vilagarcía de

Arousa – Tfno.: 986 565 386 - Fax: 986 500 237

CORPO NACIONAL DE POLICÍA - POLICÍA XUDICIAL:

BRIGADA DE INVESTIGACIÓN TECNOLÓXICA:

[http://www.policia.es/org\\_central/judicial/udef/bit\\_alertas.html](http://www.policia.es/org_central/judicial/udef/bit_alertas.html)

CORPO NACIONAL DE POLICÍA - OFICINA VIRTUAL DE DENUNCIAS:

<https://denuncias.policia.es/OVD/>

UNIDADES DA POLICÍA AUTONÓMICA

SANTIAGO: R/ Roma 25-27 - 15703 Santiago de Compostela - Tfno.: 981 546 474

A CORUÑA: Ronda de Nelle, 24 – 15005 A Coruña - Tfno.: 981 153 410

LUGO: Ronda Fingo, esq. avda. Madrid - 27001 Lugo - Tfno.: 982 252 611

OURENSE: R/ Clara Campoamor, 9-17, baixo - 32002 Ourense - Tfno.: 988 241 200

☒: R/ San José 4-6 - 36001 Pontevedra - Tfno.: 986 843 432

VIGO: R/ Pateira, 7 – 36214 Vigo - Tfno.: 986 266 158

---

O DIRECTOR E PRESIDENTE DO CONSELLO ESCOLAR

Asdo: FERNANDO GAREA VIDAL